



**ACTA XUNTA DE GOBERNO**  
**SESIÓN ORDINARIA DE CATORCE DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E UN**  
**(ACTA NÚMERO 18)**

**Presidente:**

D. José Tomé Roca

**Sres. Deputados:**

D<sup>a</sup>. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luís Raposo Magdalena

D<sup>a</sup>. Mónica Freire Rancaño

**Secretaria:**

D<sup>a</sup>. María Esther Álvarez Martínez

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **catorce de maio de dous mil vinte e un**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D<sup>a</sup>. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA SETE DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E UN.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día sete de maio de dous mil vinte e un que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

**2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE CONTROL SANITARIO, CONTROL LEITEIRO E MANTEMENTO DO ROBOT DE MUXIDO E DOS SEUS EQUIPOS ACCESORIOS NA GRANXA GAYOSO CASTRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación dos servizos de control sanitario, control leiteiro e mantemento do robot de muxido e dos seus equipos accesorios na Granxa Gayoso Castro da Deputación Provincial de Lugo consta no mesmo:

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7EUUIN2AO3324I6FNTIJ3F54.

Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7EVQLSGEGT4RP4CYVW4MCPOI.

Pregos de prescricións técnicas (PPT Lote 1, con CSV: IV7EUO3MPBV3T2BMCUN5MZLT74, PPT Lote 2 con CSV: IV7EU2JSZD7Y7WZ7SR6ENYYP6M e PPT Lote 3: con CSV: IV7EU77C3RFZQSHSUQPC4EPT4.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7EVWQKEFB32WNNDXQFPY7PE4.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EVX2NPLX47FGLDR6QD7R6EM.



Fiscalización limitada previa do expediente

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar a contratación dos servizos de control sanitario, control leiteiro e mantemento do robot de muxido e dos seus equipos accesorios na Granxa Gayoso Castro da Deputación Provincial de Lugo. Lote 1: Programa sanitario de prevención e control de enfermidades do gando vacún. Lote 2: Control do rendemento leiteiro dos animais de raza frisona da unidade de leite. Lote 3: Mantemento do robot de muxido e os seus equipos accesorios.

**2º.-** Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recolle como criterio único de puntuación contemplando a modalidade do procedemento e plena definición das prestacións a contratar.

**3º.-** Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento negociado sen publicidade con criterio único, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a) 2, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, e con aplicación dos criterios que se detallan no PCAP para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP (sobre aspectos económicos han de ser obxecto de negociación). E, de conformidade co previsto na normativa, dispoñer a apertura do mesmo, mediante convite para o Lote 1: Programa sanitario de prevención e control de enfermidades do gando vacún a Agrupación de defensa sanitaria gandeira Castro de Rei (ADSG Castro de Rei), para o Lote 2: Control do rendemento leiteiro dos animais de raza frisona da unidade de leite a AFRICOR Lugo e para o Lote 3: Mantemento do robot de muxido e os seus equipos accesorios a Mantenimientos Técnicos Lucenses S.L. a través das direccións habilitadas na Plataforma de Contratos do Estado ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse convite aos licitadores.

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 32.826,00 €, ao que se aplicará un IVE de 6.534,96 €, o que fai un total de 39.360,96 €, atendendo ao seguinte desglose

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (OBL)			
LOTES	Orzamento (sen IVE)	IVE	Orzamento (con IVE)
Lote 1: servizos control sanitario	1.098,00 €	230,59 €	1.328,59 €
Lote 2: servizos control leiteiro	4.043,20 €	490,56 €	4.533,76 €
Lote 3: Orzamento servizos mantemento robot de muxido e os seus accesorios	27.684,80€	5.813,81 €	33.498,61 €
OBL	32.826,00	6.534,96 €	39.360,96

	APLICACIÓN	2021 SEN IVE	RC	2022 SEN IVE	RC	2023 SEN IVE	RC
CONTROL SANINTARIO	4120.22799	274,50	22021/9956	549,00	220219/188	274,50	220219/201
CONTROL LEITEIRO	4120.22799	1.010,80	22021/9957	2.021,60	220219/189	1.010,80	220219/202
MANTEMENTO ROBOT DE MUXIDO	4120.213	6.709,72	22021/9958	14.265,35	220219/206	6.709,73	220219/206
	SUMA	7.995,02		16.835,95		7.995,03	
TOTAL	32.826,00	IVE DEDUCIBLE	6.534,96	SUMA	39.360,96		

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2022 e 2023 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas.

Os gastos plurianuais está sometidos ás limitacións establecidas no art. 174 do R.D. lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 79 a 88 do Decreto 500/1990 de 20 de abril, e regúlanse na base nº 19 de execución do Orzamento xeral vixente, dos que se deducen os seguintes requisitos:

A execución do gasto debe iniciarse no propio exercicio.

As anualidades non excederán de 4 anos.

Contratos que non poden ser estipulados ou resulten antieconómicos por un ano.

Cúmprense os requisitos 2º e 3º e esta previsto que o gasto se inicie no presente exercicio.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROGRAMA “COÑECE A TÚA PROVINCIA”, A EXECUTAR NAS ANUALIDADES 2021-2022.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Turismo.

Visto que existe consignación orzamentaria para desenvolver o programa “Coñece a túa provincia”.

Resultando que dende o inicio da pandemia da Covid 19, a Deputación de Lugo, de conformidade co establecido no artigo 36 apartado d) da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, asume competencias en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, sen prexuízo das competencias que neste ámbito correspondan ás demais Administracións Públicas. Asemade, de acordo co establecido no artigo 6º apartado a) da Lei 7/2011, de 27 de outubro, do Turismo de Galicia, as entidades locais de ámbito supramunicipal asumirán competencias no eido da promoción dos recursos turísticos e xeodestinos, segundo a definición contemplada no artigo 23.1, que se determinen dentro do seu ámbito territorial, en coordinación con todos os entes locais afectados e a Administración autonómica.

No marco das competencias sinaladas, co obxecto de dar cumprimento aos diversos obxectivos da Axenda 2030 das Nacións Unidas, e tamén co fin de paliar os efectos xerados pola pandemia da Covid 19 no tecido produtivo da provincia de Lugo, a Deputación de Lugo está a desenvolver diversas políticas e accións. Co compromiso de continuar loitando contra os efectos da crise sanitaria, en febreiro de 2021 presentouse o Plan de impulso da economía da provincia de Lugo. Neste plan inclúese un decálogo con dez medidas de apoio directo, de promoción e de incentivo do consumo coas que se pretende contribuír a manter e recuperar os sectores económicos máis afectados polas restriccións sanitarias, sobre todo a hostalería, o turismo e o comercio local.

Dentro deste marco de acción, e seguindo indicacións da Deputada delegada de Turismo, atópase o programa “Coñece a túa provincia”, cuxos obxectivos esenciais serían:

Contribuír á reactivación da hostalería e do turismo provincial para axudar a paliar os efectos adversos provocados pola pandemia da Covid 19, favorecendo a creación e mantemento do emprego directo e indirecto.

Apoiar e dar visibilidade tanto aos diferentes destinos como aos establecementos e profesionais que forman parte da cadea de valor do sector do turismo e da hostalería na provincia de Lugo.

Contribuír á recuperación da confianza da demanda turística e á promoción da provincia de Lugo como destino seguro.

Servir como instrumento de sensibilización das veciñas e veciños sobre o potencial turístico dos 67 concellos da provincia de Lugo e da importancia da preservación do seu legado natural e cultural como elemento que contribúe ao desenvolvemento sostible no eido económico, social e medioambiental.

No marco da Axenda 2030 (obxectivo 8.9), impulsar un turismo sostible, que cree postos de traballo e promova a cultura e os produtos locais.

Con base no xa sinalado, a Deputación de Lugo (dende a Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo) pretende pór en marcha o programa “Coñece a túa provincia” que presentará as seguintes características fundamentais:

Concebirase como un programa de carácter gratuito consistente na realización de excursións dunha xornada de duración pola provincia de Lugo, incluíndo o transporte para os traslados de ida e volta dende o lugar ou lugares de orixe, póliza de seguros de viaxeiros, menú de xantar, outros gastos de organización que se puideran derivar da execución do programa, entradas e visitas a diferentes lugares de interese da provincia de Lugo. Os grupos irán acompañados en todo momento por guías acompañantes, sendo as visitas realizadas por profesionais que conten coa



habilitación de guías oficiais de turismo de Galicia e polo persoal encargado da atención ao público nas diferentes visitas sinaladas nos itinerarios do programa.

A duración do programa será de 2 anos (2021-2022) cos periodos que se detallan máis adiante, con posibilidade de prorrogarse outro ano máis (2023).

O programa estará vertebrado por un contrato administrativo con unha axencia de viaxes e a aprobación dunhas bases reguladoras por cada periodo do programa.

Estará dirixido a entidades sen ánimo de lucro da provincia de Lugo, legalmente constituídas e con sede na provincia de Lugo. En cada viaxe/excursión participarán un número máximo de 23 persoas por grupo e un número mínimo de 11 persoas. De non acadarse o mínimo de 11 persoas para formar grupo, a viaxe non se realizará.

Para o período do desenvolvemento do programa poranse a disposición un máximo de 4278 prazas repartidas como segue:

1º Período: outono 2021 (entre os meses de setembro e novembro) – máximo 1242 prazas.

2º Período: primavera 2022 (entre os meses de marzo e xuño)- máximo 1794 prazas.

3º Período: outono 2022 (entre os meses de setembro e novembro)- máximo 1242 prazas.

De quedar prazas vacantes nalgún período concreto dos indicados, éstas non serán transferidas aos períodos seguintes.

As viaxes realizaranse dentro dos períodos indicados, de luns a venres, en días laborais. O calendario final de realización das viaxes será fixado polo Servizo de Turismo. En cada un dos días asignados para a realización das excursións realizaranse un máximo de dúas viaxes para dúas entidades beneficiarias distintas.

As datas e itinerarios que sinalen as entidades solicitantes no programa terán carácter orientativo, pero non vinculante para a Deputación de Lugo.

Elaborarase unha listaxe de itinerarios con lugares de visita nos 67 concellos da provincia. Esta listaxe poderá ser modificada polo Servizo de Turismo sempre que non implique custes adicionais para ningunha das partes. Os itinerarios comezarán cunha visita a un centro ou dependencia da Deputación de Lugo. As rutas terán como finalidade ser unha carta de presentación dos diferentes municipios da provincia, co obxecto de ser un revulsivo para a recuperación económica do sector nestes tempos de pandemis e tamén co obxecto de ser un escaparte para a difusión das excelencias do territorio co fin de que estas visitas/ excursións sexan un incentivo para o fomento do turismo local.

Transporte: realizarase en vehículos con capacidade suficiente para cada viaxe, tendo en conta o número de viaxeiros de cada entidade beneficiaria e os/as guías/ persoal de acompañamento. Igualmente, deberase poñer a disposición das entidades beneficiarias que o precisen os vehículos adaptados ás diversidades funcionais dos participantes no programa cando así o fagan constar na súa solicitude de participación. Poderán realizarse un máximo de tres paradas no lugar ou lugares de orixe que determine cada entidade beneficiaria.

Menús e restaurantes: a empresa contratista estará obrigada a contar como mínimo con dous restaurantes por ruta para o servizo de xantar. En todo caso, os establecementos atoparanse dentro da provincia de Lugo, o máis próximos posible aos lugares de visita e dentro dos concellos polos que transcorra cada itinerario. No tocante ao deseño dos menús, disporase en cada restaurante de dous menús diferentes para persoas adultas e dous menús infantís. Os menús estarán elaborados a base de produtos lucenses de proximidade e de tempada, e terán en conta as especialidades locais. Os menús contarán con dous primeiros pratos a escoller, dous segundos pratos a escoller, dúas sobremesas a escoller (sendo froita unha delas), pan, café ou infusión e auga. No caso de bebidas alcohólicas, para os adultos ofreceranse como máximo as que estén contempladas no menú do día xenérico de cada restaurante. Non obstante, no caso concreto do viño, éste deberá ser producido e etiquetado na provincia de Lugo. No caso dos refrescos, rexerá o mesmo criterio que para as bebidas alcohólicas.





O día da viaxe, os participantes no programa seleccionarán o menú elixido nada máis iniciar cada itinerario entre as dúas opcións ofertadas polo restaurante asignado, marcando a selección nunha folla de menú que lles proporcionará a cada un a empresa contratista.

A empresa contratista quedará obrigada ao cumprimento e á realización dunha revisión constante dos protocolos e normativa aplicable vixente en cada momento para a prevención do contaxio por Covid- 19. Igualmente, esixirá o cumprimento de ditos protocolos e normativa a todos os seus provedores que presten servizos ligados ao programa.

Tendo en conta o xa sinalado, teríamos o seguinte resumo orzamentario:

ANUALIDADE	CONTRATO DE EXECUCIÓN DO PROGRAMA	GASTOS EN REGALOS INSTITUCIONAIS	TOTAL
2021	88.194,42	18.137,90	106.332,32 €
2022	215.586,36	18.137,90	233.724,26 €
		TOTAL	340.056,58 €

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobado o programa “Coñece a túa provincia”, tendo en conta as características indicadas, para executar durante os anos 2021-2022, sendo prorrogable noutro ano máis.

2º.- Aprobado o programa “Coñece a túa provincia” por un importe de 340.056,58 € dividido en 106.332,32 € para a anualidade 2021 e 233.724,26 € para a anualidade 2022, para sufragar os gastos derivados da execución do programa “Coñece a túa provincia”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DE SERVIZO DE REALIZACIÓN DE EXCURSIÓN DUNHA XORNADA DE DURACIÓN**

## **POLA PROVINCIA DE LUGO, DENTRO DO PROGRAMA “COÑECE A TÚA PROVINCIA”.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do servizo de realización de excursións dunha xornada de duración pola provincia de Lugo, dentro do programa “Coñece a túa provincia”, consta no mesmo:

Anuncio Previo publicado na Plataforma de Contratos do Sector Público en data 10 de marzo de 2021.

Providencia de inicio de expediente de contratación, con CSV IV7HGDDLHUEYXT7IYBUB4HYFAQ<sup>1</sup>.

Prego de prescricións técnicas elaborado pola Sección de Benestar Social e Igualdade con CSV IV7HGDDKNNX4RPZJXR5QEZRRAAM.

Memoria xustificativa, elaborada polo Servizo de Cultura e Turismo, con CSV IV7EVSLTJF6673ZZU4PEKLRDA4.

Informe de insuficiencia de medios con CSV IV7HGIP7NYJ33357QA5WIFLG6Q.

Informe de Intervención de consignación orzamentaria, con CSV: IV7EVTICIPXVMRTV77UABHZRQIM.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV IV7EVWD4LYEK6VHJ5U6D6QD75Y.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EVWDTFTZI3BBM6NFE737A6U.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7EVWAPPT7LYVOOQFIEI47SE4.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

---

<sup>1</sup>Os códigos seguros de validación resultan accesibles na sede electrónica na dirección web: <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



**1º.-** Aprobar a contratación do servizo de realización de excursións dunha xornada de duración pola provincia de Lugo, dentro do programa “Coñece a túa provincia”, cunha duración ata o día 31 de decembro de 2022.

**2º.-** Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como criterio de puntuación, así como a obtención de melloras na prestación a través das ofertas realizadas polos licitadores.

**3º.-** Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto con pluralidade de criterios, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)).

**4º.-** Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 251.058,50 €, mais 52.722,28 € en concepto de imposto sobre o valor engadido (máximo IVE previsto 21%), o que fai un total de 303.780,78 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP, de acordo coas seguintes anualidades:

ANUALIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE
2021	4320.22799	88.194,42
2022	4320.22799	215.586,36

Existe consignación na aplicación orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2021, pola cantidade de 88.194,42 €, para a anualidade 2021.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2022 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.

Os gastos plurianuais está sometidos ás limitacións establecidas no art. 174 do R.D. lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 79 a 88 do Decreto 500/1990 de 20 de abril, e régúlanse na base nº 19 de execución do Orzamento xeral vixente, dos que se deducen os seguintes requisitos:

A execución do gasto debe iniciarse no propio exercicio.

As anualidades non excederán de 4 anos.

Contratos que non poden ser estipulados ou resulten antieconómicos por un ano.

Cúmprense os requisitos 2º e 3º e está previsto que o gasto se inicie no presente exercicio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO PATROCINIO DO CAMPIONATO DO MUNDO DE CARREIRAS DE AVENTURA 2021 “AR WORLD CHAMPIONSHIP”.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:



“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do patrocinio do campionato do mundo de carreiras de aventura 2021 “Ar World Championship”. 2021/CON\_02/000022. consta no mesmo:

Proposta de inicio de expediente de contratación con CSV: IV7HE4KZHP6MWT6TWFWSF5KOMA.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7HGMDKNZV5VSZLQD44OJTT4Y.

Informe da necesidade da contratación, con CSV: IV7EUST5ZQRMZ3PDYPXNG3RHHY.

Informe da insuficiencia de medios propios, con CSV: IV7HGMDIPZFKJKH6QZPNABSBCY.

Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7HGP7S3RUOJSBNQLVHL32E44.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7EUWSTPVVLZDX53VIGEY3XIM.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7GWYKTMEPJTS6IDUOFOYLCP4.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EUOP2OEO65SZ2UQMEBZCPGY.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar a contratación do patrocinio do campionato do mundo de carreiras de aventura 2021 “Ar World Championship”. 2021/CON\_02/000022.

**2º.-** Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o

contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e celeridade na contratación da servizo.

3º.- O contrato adxudicarase mediante procedemento negociado sen publicidade, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a) apartado 2º, e 170 da LCSP , nos termos do artigo 131 da citada lei; de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP, e con aplicación dos criterios que se detallan no PCAP para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP (sobre aspectos económicos e técnicos que han de ser obxecto de negociación). E, de conformidade co previsto na normativa, dispoñer a apertura do mesmo, mediante convite a Mamar Outdoor ,a través das direccións habilitadas na Plataforma de Contratos do Estado ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse convite ao licitador.

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 49.586,79 €, ao que se aplicará un IVE (21%) de 10.413,22 € o que fai un total de 60.000,01 €. Existe consignación na Aplicación Orzamentaria 4320.22602, do orzamento de gastos do 2021 por ese importe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO DEPORTIVO DE EQUIPOS (SOCIEDADES ANÓNIMAS) DE CATEGORÍAS ESTATAIS DE FÚTBOL E BALONCESTO CO FIN DE PROMOCIONAR A MARCA A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE OU CALQUERA OUTRA MARCA/IMAXE/MENSAXE DA DEPUTACIÓN DE LUGO /PROVINCIA DE LUGO. CD LUGO SAD. DISCIPLINA: FÚTBOL. ANUALIDADE 2021.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:



“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do patrocinio publicitario deportivo de equipos (sociedades anónimas) de categorías estatais de fútbol e baloncesto co fin de promocionar a marca a Deputación de Lugo co deporte ou calquera outra marca/imaxe/mensaxe da Deputación de Lugo /provincia de Lugo. CD Lugo SAD. disciplina: fútbol. Anualidade 2021, consta no mesmo:

Solicitud de consignación orzamentaria, con CSV:  
IV7H6HLLNFTJORZ5QAWEBFAFAQ.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV:  
IV7H6HJ7CD6MWVGI7TQDCYSVAQ.

Informe relativo á valoración das prestacións, con CSV:  
IV7GE2S4CFBLV6V73UHAG7ZXIU.

Informe da necesidade da contratación, con CSV:  
IV7HGXSPKEHL3CX5QPVBCEBPEQ.

Informe xustificativo da non división en lotes, con CSV:  
IV7HGXSPDZMZ3CJZYIHBNSHXLY.

Informe sobre a desagregación do orzamento base de licitación, con CSV:  
IV7HGXSMJIE47JB76TVTOZCEF4.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7EVWBIN45OVLHZCA7DMIXD4E.

Informe sobre a forma de pago e a garantía definitiva, con CSV:  
IV7EUOQPN55JZLXOAHWEERKF4Q.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV:  
IV7EVWBZ3NNCLGM46QVU4I76GU.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EVWBTLP4OVLVDCYWHGE3BAU.

Fiscalización limitada previa.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar a contratación do patrocinio publicitario deportivo de equipos (sociedades anónimas) de categorías estatais de fútbol e baloncesto co fin de promocionar a marca a Deputación de Lugo co deporte ou calquera outra marca/imaxe/mensaxe da Deputación de Lugo /provincia de Lugo. CD Lugo SAD. Disciplina: fútbol. Anualidade 2021.

**2º.-** Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de adxudicación e de negociación, considerando a adecuación dos criterios e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público. Incorporárase á contratación o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación de condicións especiais de execución e esixencia de cumprimento da normativa laboral.

**3º.-** Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento negociado sen publicidade con varios criterios de negociación, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a) 2, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, e con aplicación dos criterios que se detallan no PCAP para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP (sobre aspectos han de ser obxecto de negociación). E, de conformidade co previsto na normativa, dispoñer a apertura do mesmo, mediante convite ao Club Deportivo Lugo S.A.D. a través das direccións habilitadas na Plataforma de Contratos do Estado ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse convite aos licitadores.

**4º.-** Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 305.000,00 €, aos que habería que engadir 64.050,00 € en concepto de IVE (21%) o que fai un total de 369.050,00 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.





**7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO DEPORTIVO DE EQUIPOS (SOCIEDADES ANÓNIMAS) DE CATEGORÍAS ESTATAIS DE FÚTBOL E BALONCESTO CO FIN DE PROMOCIONAR A MARCA A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE OU CALQUERA OUTRA MARCA/IMAXE/MENSAXE DA DEPUTACIÓN DE LUGO /PROVINCIA DE LUGO. CD BREGÁN SAD. DISCIPLINA: BALONCESTO. ANUALIDADE 2021.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do patrocinio publicitario deportivo de equipos (sociedades anónimas) de categorías estatais de fútbol e baloncesto co fin de promocionar a marca a Deputación de Lugo co deporte ou calquera outra marca/imaxe/mensaxe da Deputación de Lugo /provincia de Lugo. CD Breogán SAD. Disciplina: Baloncesto. Anualidade 2021, consta no mesmo:

Solicitud de consignación orzamentaria, con CSV:  
IV7H6HLKHAOKJFFDVVVH4I3QIQ.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV:  
IV7H6HJ2HVXLZ5MMQL7T4FDPM4.

Informe relativo á valoración das prestacións, con CSV:  
IV7GE2S4CFBLV6V73UHAG7ZXIU.

Informe da necesidade da contratación, con CSV: IV7HGXRIZIRO7CFCY5XRF3TH6Y

Informe xustificativo da non división en lotes, con CSV:  
IV7HGXROZRH7V3NIXR6QK5KWG4.

Informe sobre a desagregación do orzamento base de licitación, con CSV:  
IV7HGXRPZYIVG4OUBNEMD2S74.

Informe sobre a forma de pago e a garantía definitiva, con CSV:  
IV7EUOQPN55JZLXOAHWEERKF4Q.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7EVWBKZ4FZTSRNCX6TORDS4E.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7EVWB3PPWSRWOK2I4AGZPWCU.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EVWAIPMOIRVNOXUX5KICCHY.

Fiscalización limitada previa

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar a contratación do patrocinio publicitario deportivo de equipos (sociedades anónimas) de categorías estatais de fútbol e baloncesto co fin de promocionar a marca a Deputación de Lugo co deporte ou calquera outra marca/imaxe/mensaxe da Deputación de Lugo /provincia de Lugo. CD Breogán SAD. Disciplina: baloncesto. Anualidade 2021.

**2º.-** Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de adxudicación e de negociación, considerando a adecuación dos criterios e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público. Incorpórase á contratación o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación de condicións especiais de execución e esixencia de cumprimento da normativa laboral.

**3º.-** Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento negociado sen publicidade con varios criterios de negociación, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a) 2, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, e con aplicación dos criterios que se detallan no PCAP para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP (sobre aspectos han de ser obxecto de negociación). E, de conformidade co previsto na normativa, dispoñer a apertura do mesmo, mediante convite ao Club Deportivo



Breogán S.A.D. a través das direccións habilitadas na Plataforma de Contratos do Estado ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse convite aos licitadores.

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 305.000,00 €, aos que habería que engadir 64.050,00 € en concepto de IVE (21%) o que fai un total de 369.050,00 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ENSILADO DE 80 HA DE HERBA EN PARCELAS DA GRANXA GAYOSO CASTRO, PROPIEDAD DA DEPUTACIÓN DE LUGO, PARA ALMACENAR FORRAXE CO QUE ALIMENTAR OS ANIMAIS DURANTE O ANO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor.

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 7 de maio de 2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7HYH2Y3J4S4SPPZQIWAAKAJ4.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7HYH26LVM3RK6J6YQT4DTTL4.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7HYTYLBM443OOIWBVAM4JFAY.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7HYL7YJA724X4NTTW447XE4E.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7HYIDLBR73LXOYUA5EOETCB4.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7HYIJ7OFPMR3OKUT7UEMKO4I.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7HYPASID4CZSVOYA7BIAZFII.

Acordo da Xunta de Goberno de data 26 de marzo de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7H2SYKZ5RTQWRS2IINGJXW64.

Acta da Mesa de Contratación do día 22 de abril de 2021, con CSV IV7HGXZNDNJYZRPP43VQ6ZASAQ que recollen as seguintes consideracións:

“Pola Presidencia da Mesa, procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Contratación do servizo de ensilado de 80HA de herba en parcelas da Granxa Gayoso Castro propiedade da Deputación de Lugo. 2021/CON\_02/000018.

Primeiro.- Apertura e cualificación da documentación administrativa e da oferta relativa aos criterios cuantificables automaticamente. (Sobre electrónico único).

Segundo.- Valoración ofertas económicas relativas aos criterios cuantificables automaticamente.

Terceiro.- Mellor valorado - Requirimento de documentación.

Primeiro.- Apertura e cualificación da documentación administrativa e da oferta relativa aos criterios cuantificables automaticamente (Sobre electrónico único).

Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento foron os seguintes:

LICITADORES
Agrícola Eustaquio, S.L.
José Ángel Fernández Parga

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura do sobre electrónico único e exame do Anexo I,



acreditación dos requisitos previos, resultando que os licitadores presentan a declaración responsable denominada Anexo I, requirida no PCAP, debidamente cumprimentada e asinada, polo que os membros integrantes da Mesa de Contratación acordan admitir as propostas ao proceso de adjudicación e proceder ao exame do Anexo III, relativo aos criterios de adjudicación avaliábeis mediante fórmulas matemáticas ou avaliábeis de forma automática, recollidos no PCAP, resultando o que se indica a continuación.

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA (IVE INCLUIDO)	OBSERVACIÓNS
Agrícola Eustaquio, S.L.	20.680,00 euros	Non ten previsto subcontratar
José Ángel Fernández Parga	20.193,58 euros	Declara que ten previsto subcontratar o 50% do servizo a realizar o que supón 10.096,79€ (IVE INCLUIDO).

Segundo.-Valoración ofertas económicas relativas aos criterios cuantificables automaticamente.

Acto seguido, procedeuse á valoración das ofertas presentadas, co seguinte resultado:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA (IVE INCLUIDO)	VALORACIÓN
Agrícola Eustaquio, S.L.	20.680,00 euros	97,65 puntos
José Ángel Fernández Parga	20.193,58 euros	100 puntos

Terceiro.- Mellor valorado - Requirimento de documentación.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade dos seus integrantes, elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

1.- Outorgar ás licitadoras admitidas as seguintes puntuacións e clasificalos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	José Ángel Fernández Parga	100 puntos
2	Agrícola Eustaquio, S.L.	97,65 puntos

2.- Requerir á empresa José Ángel Fernández Parga, no caso de que sexa precisa, a documentación adicional que complemente a información extraída da consulta do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) ou do Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia (RXC), que deberá aportarse no prazo de sete días hábiles, pola empresa JOSÉ Ángel Fernández Parga de conformidade co artigo 159.4 da LCSP.”

Na data de hoxe, toma a palabra o asesor técnico Pablo Seoane Canelo que comunica aos asistentes que a empresa José Ángel Fernández Parga respostou ao requirimento de corrección de documentación administrativa, instado pola mesa de contratación na reunión que tivo lugar o día 22 de abril de 2021. Visto que a empresa aporta en prazo o DNI e o IAE requirido, a mesa de contratación acorda dar por atendido o requirimento, admitindo a proposta.

A mesa de contratación á vista da documentación que consta no expediente, acorda elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

1º.- Aceptar a documentación aportada por José Ángel Fernández Parga e considerala completa.

2º.- Adxudicar á empresa José Ángel Fernández Parga a contratación do servizo de ensilado de 80ha de herba en parcelas da Granxa Gayoso Castro propiedade da Deputación de Lugo, por importe de 20.193,58 euros, aos que se engadirán 2.019,36 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 22.212,94 euros.

3º.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa José Ángel Fernández Parga a contratación do servizo de ensilado de 80ha de herba en parcelas da Granxa Gayoso Castro propiedade da Deputación de Lugo, por importe de 20.193,58 euros, aos que se engadirán 2.019,36 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 22.212,94 euros, a executar nos prazos e condicións previstos nos pregos.



2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AUDITORÍA DA CONTA ANUAL DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor.

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 07 de maio de 2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7HYCBZPANPRGHSBU6RAITFGU.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7HYCBZF347X3P7YIXN54CX44.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7H6YPYDINSVSW7QIU4LZ7SF4.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7HYLPJBMJPJHESS75EIAQPDY.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7HYLPPFRZPZWMJST6MFYPA44.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7HYL3Z3J77XFH54JNVIABPOM.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7HYPKNB7U2ISZI2D44NYYD5Y.

Acordo da Xunta de Goberno de data 26 de marzo de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7H2SZ63QNTJWJYQ4IWLZTQ64.

Acta da Mesa de Contratación do día 16 de abril de 2021, con CSV IV7HGXYJPYZ63ZBM4EIEKPRT4U que recollen as seguintes consideracións:

“Pola Presidencia dáse conta que no servizo de contratación na data de hoxe, e con carácter previo á constitución da mesa, que de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres A de documentación administrativa das empresas presentadas, téndose comprobado con carácter previo que ditas proposicións foran presentadas en prazo. Verificouse a documentación administrativa presentada polas empresas:

BM Neira Auditores SLP

Fidelis Auditores SLP

Norte Auditores y Asesores S.L.

Servicios Empresariales Arquímedes S.L.P.

Vista a documentación presentada polos licitadores nos sobres “A”, polo Servizo de Contratación e Fomento, apreciou que a empresa BM Meira Auditores S.L.P. presenta o Anexo I incompleto, particularmente no que se refire ao apartado 17, posto que non se inclúe. Dada conta, ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado éste, constitúese a mesa de contratación - a través de medios electrónicos- sendo as 12:42 horas do día 16 de abril de 2021, baixo a Presidencia de Don José Domingo Rodríguez Ferreira, co obxecto de tratar os asuntos seguidamente relacionados e que constan na convocatoria efectuada na data do 13 de abril do 2021.





Acto de apertura oferta criterios cuantificables automáticamente (art. 159) correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente 2021/CON\_02/000014 para adxudicar o contrato de Servizos de realización dunha auditoría da conta anual do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento.

Acto de valoración oferta criterios cuantificables automáticamente (art. 159) correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente 2021/CON\_02/000014 para adxudicar o contrato de Servizos de realización dunha auditoría da conta anual do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento.

Mellor valorado. Requirimento de documentación - 2021/CON\_02/000014.

Tendo en conta que a empresa BM Meira Auditores S.L.P. presenta o Anexo I incompleto, particularmente no que se refire ao apartado 17, posto que non se inclúe, a mesa de contratación acorda requirir a enmenda do erro detectado no prazo de tres días hábiles.

Acto seguido procédese á apertura en acto público, a través da retransmisión en streaming do sobre B, cos seguintes resultados:

LICITADORES	PREZO OFERTADO	REDUCCIÓN PRAZO EXECUCIÓN
BM NEIRA AUDITORES SLP	4.477,00 €	5
FIDELIS AUDITORES SLP	4.235,00 €	5
NORTE AUDITORES Y ASESORES S.L.	4.325,75 €	5
SERVICIOS EMPRESARIALES ARQUÍMEDES S.L.P.	3.751,00 €	5

Acto seguido procédese á valoración das propostas presentadas, atendendo as fórmulas matemáticas recollidas no PCAP, cos seguintes resultados:

LICITADORES	NOTA PREZO OFERTADO	NOTA REDUCCIÓN PRAZO EXECUCIÓN	NOTA TOTAL
BM NEIRA AUDITORES SLP	79,59	5	84,59
FIDELIS AUDITORES SLP	84,14	5	89,14
NORTE AUDITORES Y ASESORES S.L.	82,38	5	87,38
SERVICIOS EMPRESARIALES ARQUÍMEDES S.L.P.	95	5	100

A continuación realizouse o cálculo para identificar a existencia de posibles baixas desproporcionadas ou anormais, constatando que a oferta da empresa Servicios Empresariales Arquímedes S.L.P., pode estar incursa en valores anormais ou desproporcionados en relación co criterio prezo, atendendo aos seguintes cálculos:

Precio base de licitación					6.655,00
Ofertas presentadas	Importe oferta	Importe de la baja	Porcentaje de baja sobre precio base licitación	Primer filtro	¿Baja temeraria?
BM NEIRA AUDITORES SLP	4.477,00	2.178,00	32,7273%	Se incluye	No es baja temeraria
FIDELIS AUDITORES SLP	4.235,00	2.420,00	36,3636%	Se incluye	No es baja temeraria
NORTE AUDITORES Y ASESORES S.L.	4.325,75	2.329,25	35,0000%	Se incluye	No es baja temeraria
SERVICIOS EMPRESARIALES ARQUÍMEDES S.L.P.	3.751,00	2.904,00	43,6364%	Se incluye	Es baja temeraria
Medias calculadas	4.197,19	2.457,81	36,93%	4.197,19	Media ofertas incluídas
Porcentaje de Baja a partir del cual se considera BAJA TEMERARIA e importe de la oferta, en valores absolutos, a partir del cual tiene esa consideración (Media Aritmética Ofertas incluídas menos 10 unidades porcentuales)			43,24%	3.777,47	

Pola Presidencia explicouse que, nestas licitacións tramitadas por procedemento simplificado “sumario”, o artigo 159.4 da LCSP dispón que, logo da avaliación, clasificación de ofertas e proposta de adxudicación a favor do candidato con mellor puntuación, no caso de que a oferta do licitador que obtivera mellor puntuación se presuma que é anormalmente baixa, se seguirá o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP, se ben o prazo máximo para que xustifique a súa oferta o licitador non poderá superar os 5 días hábiles desde o envío da correspondente comunicación.

Neste procedemento simplificado “sumario” a Lei permite que se acumule, respecto do licitador que obtivo mellor puntuación a solicitude de documentación que non conste nos rexistros de licitadores, co trámite de xustificación da oferta desproporcionada ou anormalmente baixa, polo que a mesa de contratación require.



No caso de que a empresa proposta non xustifique a súa proposición e sexa excluída, pasará ao seguinte licitador. Neste caso, convocaríase unha nova mesa de contratación.

De xustificar adecuadamente a oferta presentada, en termos que deba ser admitida a súa proposición, entenderase, automaticamente, salvado o condicionante establecido, de sorte que se continuará coa tramitación, aos efectos de adxudicar e formalizar o contrato.

A mesa de contratación, acordou por unanimidade:

Requirir á empresa BM Meira Auditores S.L.P., a corrección do erro detectado no Anexo I, no prazo de tres días hábiles, de conformidade co artigo 141 da LCSP.

Conceder o trámite de xustificación das ofertas presentadas, previsto no art. 149.4 da LCSP, en relación coa cláusula décimo terceira do PCAP que rexe esta licitación, por un prazo non superior a 5 días hábiles, ao licitador que obtivo a mellor puntuación (Servicios Empresariales Arquímedes S.L.P.), ao encontrarse en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa.

Requirir, no caso de que sexa precisa, a documentación adicional que complemente a información extraída da consulta do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) ou do Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia (RXC), que deberá aportarse no prazo de sete días hábiles, pola empresa que obtivo maior puntuación, de conformidade co artigo 159.4 da LCSP.”

Na data de hoxe, en primeiro lugar comunícase aos asistentes que a empresa BM Meira Auditores S.L.P. atendeu ao requirimento de subsanación de documentación administrativa, instado pola mesa de contratación na reunión que tivo lugar o día 16 de abril de 2021. Visto que a empresa presenta o Anexo I, debidamente asinado no prazo outorgado a tales efectos, a mesa de contratación acorda dar por subsanado o erro detectado, admitindo a proposta.

Acto seguido dáse conta aos asistentes de que consta no expediente informe relativo á xustificación da oferta anormalmente baixa presentada pola empresa Servicios Empresariales

Arquímedes S.L.P., con CSV: IV7EUWQ4ZQWNZ7OYSNGAAYLU74, no que se recolle, entre outras cousas que:

Da documentación presentada pola empresa Servizos Empresariales Arquímedes S.L.P. podemos realizar as seguintes consideracións:

En primeiro lugar manifesta que da súa estrutura como sociedade limitada profesional derivase que os socios da mesma son os traballadores e que a finalidade última da empresa non é a obtención dun beneficio societario senón a canalización do traballo aos socios profesionais e que a determinación do prezo fundamentase nas horas de dedicación do persoal multiplicadas polo prezo/hora.

Respecto as horas de dedicación ao traballo determinan que a súa experiencia en servizos e protocolos empresariais repercuten en minimizar as horas necesarias para tarefas de planificación do traballo.

En canto aos custos de persoal os cuantifican do modo seguinte:

Director - Socio ROAC, aplicando o convenio colectivo resulta unha tarifa de 19,35 €/hora segundo tabla salarial e plus de convenio para Titulados Superiores.

Considera unha xornada ordinaria máxima de traballo efectivo de 1.800 horas/ano.

Técnico, aplicando o convenio colectivo resulta unha tarifa de 15,20 €/hora segundo tabla salarial e plus de convenio para a Categoría C3, do Área 3 do Convenio Colectivo.

Considera unha xornada ordinaria máxima de traballo efectivo de 1.800 horas/ano o que coincide ca xornada ordinaria máxima de traballo efectivo, en cómputo anual regulada no art.20 do Convenio Colectivo.

Resultando as seguintes retribucións anuais do persoal citado:



	SALARIO	SEG SOCIAL	TOTAL CUSTO	CUSTO HORA
SOCIO	26.793,31 €	8.037,99 €	34.831,30 €	19,35 €
AXUDANTE	20.896,44 €	6.268,93 €	27.165,37 €	15,09 €

O Convenio Colectivo citado na aclaración presentada refírese ao denominado XVII Convenio Colectivo Estatal das empresas de consultoría e estudos de mercado da opinión pública 2010-2019 publicado no B.O.E. de 6 de marzo de 2018 e as cifras sinaladas pola empresa coinciden cas contidas no Anexo I de dito Convenio aplicables a partir do 31-12-2019.

A empresa fai unha estimación de 25 horas de traballo para o Socio Roac e de 60 para o Axudante-Xerente aplicando as tarifas de 20,00 €/hora e 15,20 €/hora o que implica un gasto de persoal total de 1.412,00 €.

No prego de prescricións técnicas (apartado 8) determinase unha estimación de 84,072 horas para a determinación do prezo do contrato.

Por outro lado, xustifica os gastos de desprazamento segundo a seguinte relación das visitas estimadas a realizar:

Reunión de planificación: 1 visita/ 1 persoa.

Reunións de execución: 1 visita / 2 persoa/ 2 días.

Reunión peche de traballo : 1 visita / 1 persoa.

Consideran dentro dos gastos de desprazamento os relativos aos conceptos seguintes,

Dieta : 52,06 € Coincidente co importe regulado no art.30 do Convenio Colectivo.

Hotel : 70,00 €

Billete de tren : 100,00 €

Tarifas que se atopan dentro dos prezos de mercado.

Cas tarifas anteriores os gastos de desprazamento ascenden a 888,24 € e determinan na oferta realizada unha previsión de 1.300,00 €

Por ultimo aplican un beneficio industrial do 6% e un custe de estrutura do 5% considerando unha media nos dous ultimos anos do 6,5 % resulta un total de oferta sen iva de 3.010,32 € que redondean a 3.100,00 € (co 7% de custes de estrutura que é o indicado na oferta en letra o total resultante sería 3.064,56 €).

#### Conclusión.

A vista da normativa de aplicación e o contido da documentación xustificativa presentada pola empresa en contestación ao requerimento efectuado pola Deputación Provincial ase como das anteriores consideracións enténdese que a oferta presentada no procedemento de licitación do expediente 2021/CON\_02/000014 pola empresa Servizos Empresariales Arquímedes S.L.P non se atopa en situación de anormalmente baixa ou desproporcionada.”

A mesa de contratación acorda aceptar o informe técnico e facelo seu, e consecuentemente aceptar a proposta presentada pola empresa Servizos Empresariales Arquímedes S.L.P. por considerar que está suficientemente xustificada a baixada presentada.

Vistas as puntuacións outorgadas pola mesa de contratación na sesión celebrada o día 16 de abril, e considerando que non é preciso requirir documentación adicional que complemente a información extraída da consulta feita polo Servizo de Contratación e Fomento, posto que:

No tocante aos documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e representación, constan no rolece obxecto social da mercantil e poderes para contratar do representante.

No mesmo rexistro consta que non existen prohibicións vixentes para contratar.

Consultados os datos da Axencia Tributaria, Seguridade Social, Servizo de Recadación da Deputación Provincial de Lugo e Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, en virtude de autorización de consulta outorgada polo licitador, incorpóranse ao expediente acreditación de que a empresa se atopa dada de alta como Sociedade de Auditoría no Ministerio de Asuntos Económicos



e Transformación Dixital, de que se atopa de alta no epígrafe 842 Servizos Financeiros e Contables do Imposto sobre Actividades Económicas no exercicio 2021, de que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e que non mantén débeda coa Seguridade Social.

Consta no Anexo I, declaración responsable de que a empresa non se atopa en concurso de acreedores.

A mesa de contratación á vista da documentación que consta no expediente, acorda elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

Aceptar a proposta presentada pola empresa Servicios Empresariales Arquímedes S.L.P. por considerar xustificada a baixa presentada.

Clasificar as ofertas presentadas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADORES	NOTA PREZO OFERTADO	NOTA REDUCCIÓN PRAZO EXECUCIÓN	NOTA TOTAL
1	SERVICIOS EMPRESARIALES ARQUÍMEDES S.L.P.	95	5	100
2	FIDELIS AUDITORES SLP	84,14	5	89,14
3	NORTE AUDITORES Y ASESORES S.L.	82,38	5	87,38
4	BM NEIRA AUDITORES SLP	79,59	5	84,59

Adxudicar á empresa Servizos Empresariales Arquímedes S.L.P. a contratación do servizo de auditoría da conta anual do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento, por importe 3.100,00 euros, aos que se engadirán 651,00 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 3.751,00 euros, cunha redución do prazo de execución de 5 días ou máis.”

Polo que vai dito e en base ao mesmo, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aceptar a proposta presentada pola empresa Servicios Empresariales Arquímedes S.L.P. por considerar xustificada a baixa presentada.

2º.-Clasificar as ofertas presentadas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADORES	NOTA PREZO OFERTADO	NOTA REDUCCIÓN PRAZO EXECUCIÓN	NOTA TOTAL
1	SERVICIOS EMPRESARIALES ARQUÍMEDES S.L.P.	95	5	100
2	FIDELIS AUDITORES SLP	84,14	5	89,14
3	NORTE AUDITORES Y ASESORES S.L.	82,38	5	87,38
4	BM NEIRA AUDITORES SLP	79,59	5	84,59

3º.- Adxudicar á empresa Servizos Empresariales Arquímedes S.L.P. a contratación do servizo de auditoría da conta anual do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento, por importe 3.100,00 euros, aos que se engadirán 651,00 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 3.751,00 euros, cunha redución do prazo de execución de 5 días ou máis.

4º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

5º.- Instar á formalización do contrato, que se efectuará pola firma da aceptación polo contratista da resolución de adxudicación, conforme ao previsto no artigo 159.6 letra g) da LCSP.

6º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROXECTO E CONTRATACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.**





**Primeiro.-** *Proposta en relación co expediente tramitado para a aprobación do proxecto e contratación da obra de: A Pontenova.- Centro de Atención a Maiores (CAM) de A Pontenova.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: A PONTENOVA.- Centro de Atención a Maiores (CAM) de A Pontenova, consta no mesmo:

Proxecto de A PONTENOVA.- Centro de Atención a Maiores (CAM) de A Pontenova, redactado polo Arquitecto D. Jesús Bouza Fernández.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7HEH2MDU43RC7D23XSCXSRI4.

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7HEH2MDU43RC7D23XSCXSRI4.

Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV676EA4JROYRXG723UMOV6C6MQ.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7GQTXOPA5CZW4TU5XHM3QDC4 e IV7GTQLND5B67WMLYAPHOYDUAQ.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7EVSD3NFWDL7ZZQ5YQOU2DEI.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EVSDZFHZN7HFNQMPCCYSA74.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: A PONTENOVA.- Centro de Atención a Maiores (CAM) de A Pontenova, con informe de supervisión favorable, sometelo a información pública por espazo

temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

**2º.-** Aprobar o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

**3º.-** Aprobar o gasto, por importe de 1.997.861,25 €, dos cales 181.623,75 € corresponden ao IVE (10%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Segundo.-** *Proposta en relación co expediente tramitado para a aprobación do proxecto e contratación da obra de: CERVANTES.- Melloras locais na LU-P-1401 “da LU-723, por Degrada e Piornedo, ao límite provincial” nos P.K. 12+060, 13+150, 13+700, 16+700, 17+100, 17+800, 17+950 e 19+100.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: CERVANTES.- Melloras locais na LU-P-1401 “da LU-723, por Degrada e Piornedo, ao límite provincial” nos P.K. 12+060, 13+150, 13+700, 16+700, 17+100, 17+800, 17+950 e 19+100, consta no mesmo:

Proxecto de obra de CERVANTES.- Melloras locais na LU-P-1401 “da LU-723, por Degrada e Piornedo, ao límite provincial” nos P.K. 12+060, 13+150, 13+700, 16+700, 17+100, 17+800, 17+950 E 19+100, con CSV: IV7EUTBSBIXCZ3ETSV7NCQHKGKU.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7HSHL5DQB5QTRC4Z45GBI6KY.

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7HSHLTBUNJ7FH6YA5FGFKEB4.

Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7HSHLSP4OJZTRTSRXRG4ZFEQ.



Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7HSOZJMEXDTJM7S7UDAZKBIU.

Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscrición de póliza seguro todo risco construción.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7EULAKL4W3IWG7QZABGB7GKU.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EULAJ2EBY76PDUMGAD3RW6Q.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: CERVANTES.- Melloras locais na LU-P-1401 “da LU-723, por Degrada e Piornedo, ao límite provincial” nos P.K. 12+060, 13+150, 13+700, 16+700, 17+100, 17+800, 17+950 e 19+100, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

**2º.-** Aprobar o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

**3º.-** Aprobar o gasto, por importe de 189.994,73 €, dos cales 32.974,29 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Terceiro.-** *Proposta en relación co expediente tramitado para a aprobación do proxecto e contratación da obra de: MONFORTE DE LEMOS.- Rehabilitación de firme LU-P-3202 “Monforte-Currelos (LU-611)”, P.K. 6+920 a 10+400.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: MONFORTE DE LEMOS.- Rehabilitación de firme LU-P-3202 “Monforte-Currelos (LU-611)”, P.K. 6+920 a 10+400, consta no mesmo:

Proxecto de obra MONFORTE DE LEMOS.- Rehabilitación de firme LU-P-3202 “Monforte-Currelos (LU-611)”, P.K. 6+920 a 10+400, con CSV: IV7EU2DOD5N3YWMZYLYSMNT7GY.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7EUUP3LNNO3RB7AM7RI5AQEY.

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7EUUPDJUBYX2GJDRXC752BGA.

Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7EUUPYDVM4J3452EYE4IQSOY.

Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7EU6DJLZX73ZBKQYNRFZRDJ4.

Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscrición de póliza seguro todo risco construción.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7EU0J5JVB4L5MIWQUHO3QBOQ.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EU0JTDFB7VLN6ABNNMFRAPY.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: MONFORTE DE LEMOS.- Rehabilitación de firme LU-P-3202 “Monforte-Currelos (LU-611)”, P.K. 6+920 a 10+400, sometelo a información pública por espazo temporal de 15 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

**2º.-** Aprobar o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

**3º.-** Aprobar o gasto, por importe de 163.404,35 €, dos cales 28.359,43 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Cuarto.-** *Proposta en relación co expediente tramitado para a aprobación do proxecto e contratación da obra de: BÓVEDA.- Rehabilitación de firme LU-P-0907 “Teilán (LU-611)-límite municipal (LU-P-4204)”, P.K. 3+370 a 6+077.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: BÓVEDA.- Rehabilitación de firme LU-P-0907 “Teilán (LU-611)-límite municipal (LU-P-4204)”, P.K. 3+370 a 6+077, consta no mesmo:

Proxecto de obra de BÓVEDA.- Rehabilitación de firme LU-P-0907 “Teilán (LU-611)- límite municipal (LU-P-4204)”, P.K. 3+370 a 6+077, con CSV: IV7EU6CPDYWJXK5KAI4EMU3O6E.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7EUYI4OAZCLT53DU5TG5HG7Y.

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7EUYITJY52JH5M2JXEC7YE6Q.

Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7EUYISL5NS3P4SVXXH44BUL4.

Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7EU4DOD5BNVHZOUEAMINJBI4.

Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscrición de póliza seguro todo risco construción.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7EU0J5JJ4JTDFY676DF5BROY.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EU0JTDJGL7COKS3QREH2OAE.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: BÓVEDA.- Rehabilitación de firme LU-P-0907 “Teilán (LU-611)- límite municipal (LU-P-4204)”, P.K. 3+370 a 6+077, sometelo a información pública por espazo temporal de 15 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

**2º.-** Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adjudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos



156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

**3º.-** Aprobar o gasto, por importe de 100.566,38 €, dos cales 17.453,67 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Quinto.-** *Proposta en relación co expediente tramitado para a aprobación do proxecto e contratación da obra de: ANTAS DE ULLA.- Mellora da seguridade vial e zona de estacionamento da área de descanso na LU-P-0301 “Antas de Ulla (LU-P-1809) – límite provincia Pontevedra (Rodeiro)”, P.K. 3+490 a 3+700.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: ANTAS DE ULLA.- Mellora da seguridade vial e zona de estacionamento da área de descanso na LU-P-0301 “Antas de Ulla (LU-P-1809) – límite provincia Pontevedra (Rodeiro)”, P.K. 3+490 a 3+700, consta no mesmo:

Proxecto de ANTAS DE ULLA.- Mellora da seguridade vial e zona de estacionamento da área de descanso na LU-P-0301 “Antas de Ulla (LU-P-1809) – límite provincia Pontevedra (Rodeiro)”, P.K. 3+490 a 3+700, con CSV: IV7EU4B33Z6LQSWPZVENEJRQKU.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7EU4BDFNVDXFHMWQNF6IJCD4.

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7EU4B2MDX7TLR6WNGAD5DPCU.

Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7EU4BYDNRLZOX56T7DKUQ7F4.

Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7EULAKKEWNXOWMCH4QP4DVL4.

Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscrición de póliza seguro todo risco construción.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7EVSDT3P4ILHRZ677QMMC7G4.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EVSCLFT7TZSRP4X4DB47OB4.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: ANTAS DE ULLA.- Mellora da seguridade vial e zona de estacionamento da área de descanso na LU-P-0301 “Antas de Ulla (LU-P-1809) – límite provincia Pontevedra (Rodeiro)”, P.K. 3+490 a 3+700, sometelo a información pública por espazo temporal de 15 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 316.752,94 €, dos cales 54.973,65 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES DE DIVERSAS OBRAS DO PLAN ÚNICO 2020.**





**Primeiro.-** *Escrito do Concello de Xermade, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 321 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. (PUC/20).*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Xermade, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (321) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2021, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse antes do 30 de setembro de 2021 e xustificaranse antes do 15 de outubro de 2021, sendo de aplicación tamén o mesmo réxime de prórrogas.

...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 28/07/2020, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O Concello de Xermade presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
XERMADE	321	MELLORA DE FIRME EN BUSCALTE, ROUPAR, BIDUEIRAL, SOUTO, AGUILLÓN, PENA, CERVEIRA, SANCHE, LEBORÉ, FOLGUEIRAS E SEIXIDO	1531.76201	18.791,77€

Por escrito de data 05/05/2021 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:



CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
XERMADE	REM	REPARACIÓN DE ESTRADAS EN MIRAZ	1531.76201	--	18.719,17€	18.719,17€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2020, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

#### Conclusión

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Xermade, no Plan Único 2020.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Xermade e incluír no PUC/20, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
XERMADE	REM	REPARACIÓN DE ESTRADAS EN MIRAZ	1531.76201	--	18.719,17€	18.719,17€

**2º.-** Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Segundo.-** *Escrito do Concello de Ourense, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 181 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. (PUC/20).*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Ourense, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (181) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2021, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse antes do 30 de setembro de 2021 e xustificaranse antes do 15 de outubro de 2021, sendo de aplicación tamén o mesmo réxime de prórrogas.

...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 28/07/2020, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O Concello de Oourol presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
OUROL	181	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS EN ATIÁN-VILABUÍN, CERNDAS - O CAL, NOGUEIROÁ, LEONTE, VILACHÁ, SANGUÑIDO - AS PENAS, DOMECELLE, TIÑADE, LOMBAO E O SIXTO, INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	55.850,90€

Por escrito de data 06/05/2021 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
OUROL	REM	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS: PASEO DA REGA E ACCESOS A O VISO E A A MEÁ	1531.76201	13,63€	55.850,90€	55.864,53€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2020, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

### Conclusión

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Oourol, no Plan Único 2020.

Este informe substitúe a calquera outro emitido con anterioridade para o mesmo asunto.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Oourol e incluír no PUC/20, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
OUROL	REM	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS: PASEO DA REGA E ACCESOS A O VISO E A A MEÁ	1531.76201	13,63€	55.850,90€	55.864,53€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**12.- PROPOSTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE DATA 07/05/2021 RELATIVA AO RECURSO INTERPOSTO CON RELACIÓN A OBRA POBRA DE BROLLÓN.- CONSTRUCCIÓN DE CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES (CAM).**

Logo de ver a proposta que textualmente di:

“Presidente:

D. José Domingo Rodríguez Ferreira, Xefe do Servizo de Contratación e Fomento.

Secretario da Mesa:

D. Manuel A. Trabado Trabado, Xefe da Unidade de Obras e Plans do Servizo de Contratación e Fomento.

Vogais:

D<sup>a</sup> María Esther Álvarez Martínez, Secretaria Xeral da Corporación.

D. Manuel Roel Hernández-Serrano, Interventor Adxunto, en substitución da Interventora da Corporación.

D. Xoan Carlos Montes Somoza, Letrado Asesor especialista en consultivo-contratación da Deputación.

D. José Luís Lamas Castro, Auxiliar de Arquitectura do Servizo de Arquitectura da Deputación Provincial de Lugo.

Sendo as doce e dezanove minutos do día 07/05/2021, baixo a Presidencia de D. José Domingo Rodríguez Ferreira, constituíse a Mesa de Contratación a través de medios electrónicos, co obxecto de tratar os asuntos figurados na convocatoria efectuada con data 04/05/2021.

Asiste a celebración da Mesa D. Pablo Seoane Cancelo, Asesor Técnico do Servizo de Contratación.

Por orde da Presidencia, pola Secretaria da mesa, procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

1.- Pobra do Brollón.- Construción de Centro de Atención a Maiores (EX015OB20AB).

a) Dación de conta do Recurso interposto pola mercantil Obras Gallaecia SL.

Asunto 1.- Pobra do Brollón.- Construción de Centro de Atención a Maiores (EX015OB20AB).

Pola Presidencia, dáse conta do recurso interposto pola mercantil Obras Gallaecia SL, en relación coa súa exclusión da licitación.

A mesa de contratación previo estudo do recurso e feitas as deliberacións oportunas acordou achegar o expediente relativo á licitación e formular informe ó órgano competente para a súa resolución nos seguintes termos

Asunto: informe recurso Obras Gallaecia SL (exclusión).

"Construción Centro de atención a maiores (Concello de Pobra de Brollón)"

Emítase o presente para a súa remisión a Xunta de goberno como órgano competente para a resolución do recurso, e sobre a incidencia referida no encabezamento, resultando:

Antecedentes:

I.- Pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 9 de outubro de 2020 aprobouse o proxecto, expediente de contratación, procedemento, prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto correspondente ó contrato da " Construción Centro de atención a maiores (Concello de Pobra de Brollón)".

II.- Unha vez transcorrido o período de recepción de ofertas e aperturados os sobres correspondentes ás proposicións admitidas, celebráronse distintas mesas de contratación,





resultando antecedente inmediato a mesa de data 26 de novembro de 2020, na que se solicitou informe ó servizo de arquitectura respecto do criterio de mellora dos parámetros enerxéticos do edificio, para coñecer se as ofertas son realizables, e no sentido de cal sería o límite a partir do cal a redución sería admisible ou non, dado que existen ofertas con reducións moi importantes en % ( ata un 100%), e non xustificadas.

III.- Tal e como consta na acta de data 3 de febreiro de 2021, deuse conta do informe emitido polo servizo de arquitectura, visto o mesmo, que consta reproducido na dita acta publicada na plataforma de contratos adoptouse o acordo seguinte:

A mesa, a vista o informe precedente, e das ofertas das licitadoras, acordou por unanimidade pedir aclaración ás licitadoras que ofertan este criterio ("*mellora de parámetros enerxéticos do edificio*") e non achegaron a documentación indicada no PCAP, (sinaladas no seguinte recadro), outorgándolles un prazo a fin de que acheguen a xustificación da súa oferta no referente a este criterio, nos termos establecidos no PCAP, para comprobación do % ofertado, indicándolles que a súa oferta é vinculante e que o licitador non poderá incluír ningunha outra documentación que a xustificativa do % de redución ofertado no devandito criterio, dentro dos límites fixados no apartado P.5 do cadro resumo, que indica: "*Para a comprobación de este ítem aportaranse os cálculos utilizando o mesmo software e os mesmos parámetros e hipóteses de cálculo utilizados no proxecto, (Arquivo HULC, foron publicados xunto aos pregos) que a tal efecto serán facilitados co proxecto e o prego, ou ben introducir de novo a modelización do edificio de proxecto ao que se referirá o modelo que introduza as melloras propostas. Calquera destas propostas terá a consideración de mellora do proxecto, pero ningunha se desviará das solucións arquitectónicas e construtivas desenvoltas na forma que poidan ser consideradas "modificacións esenciais" e que por tanto requiran a redacción dun proxecto modificado".*

Empresas a pedir aclaración da oferta:

LICITADOR	MELLORA PARAMETRO ENERGETICO (%)	
	REDUC. ENERGIA (20% - 4.2) (PUNTS)	REDUC. EMISIONS (20% - 4.3) (PUNTS)
1.4. CONSTRUCCIONES BREGO MARIN S.L	80,00%	80,00%
1.1. CONSTRUCCIONES LOPEZ LOPEZ S.L	100,00%	100,00%
1.4. CONSTRUCCIONES MANRIEZ S.L	81,00%	80,00%
1. CONSTRUCCIONES TABADA Y MANO S.L	80,00%	80,00%
CONSTRUCION VELAS S.L	100,00%	100,00%
1.2. MANRIEZ Y CONSTRUCCION SA	100,00%	100,00%
1.3. OBRAS GALANDEA S.L	100,00%	100,00%
1.5. OBRAS PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES S.L	100,00%	100,00%

III).- A resposta do licitador, o dito requirimento con data 23 de febreiro foi a seguinte:

Que en la oferta enviada en su día, ofertamos como mejora de eficiencia energética una reducción del 100% del CO2, todo ello fruto de un mal entendido en el apartado referente a la mejora de la clausula 5 del PCAP.

Que no siendo posible reducir la emisión del CO2 al 100%, por lo menos a día de hoy, solicitamos que se nos puntué la mejora ofertada con cero puntos, tal y como se recoge en la clausula 5 del PCAP "*no caso que os cálculos non sexan correctas ou as solucións propostas se desvíen do proposto serán valoradas con 0 puntos*"

POR LO ANTERIORMENTE EXPUESTO:

Solicitamos se nos valore la mejora relativa a eficiencia energética de la clausula 5 del PCAP con una puntuación de cero puntos, quedando el resto de nuestra oferta de igual manera.

En Santiago de Compostela a 18 de febrero de 2021.

IV) A mesa de contratación de data 24 de marzo, acordou de exclusión da recorrente, nos seguintes termos:

A mesa, tendo en conta o anterior, e a vista do informe precedente emitido polo Servizo de Arquitectura, en consonancia cos emitidos con anterioridade, así como das ofertas das empresas licitadoras, acordos das mesas de contratación anteriores, e das aclaracións achegadas polas licitadoras ás que lles foi requirida tal, en relación co criterio "*mellora de parámetros enerxéticos do edificio*", logo das oportunas deliberacións, **acordou por unanimidade excluir** ás mercantiles CONSTRUCCIONES LOPEZ URDI SLU, CONSTRUCCIONES RAMIREZ SL, CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL, CONTRATAS VILOR SL, OBRAS GALLAECIA SL e OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES SL, ao non xustificar a oferta realizada e/ou non acreditar a través do arquivo HULC os cálculos nos que se basea a súa oferta, ou ben ser distintos a xustificación achegada dos cálculos presentados no HULC, entendendo que todas elas, a teor do artigo 84 do RD 1098/2001, adoecen de inconsistencia que a fan inviable, ao non quedar acreditado nin os cálculos para alcanzar o porcentaxe de redución nin as alteracións do proxecto que se derivarían destas e que puideran supor un modificado do contrato, ao ser consideradas esenciais, e que nomeadamente se indica no PCAP: *que en ningún caso supoñan unha variación da prestación demandada pola administración e que tampouco sexan obxecto da redacción dun proxecto modificado.*

V).- Con data 23 de abril de 2021, pola licitadora foi interposto recurso administrativo, fronte a súa exclusión do procedemento.

Normativa aplicable:

Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.

Regulamento 1098/2001, xeral de contratos das administracións públicas.

Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Consideracións xurídicas:

1.- Órgano competente e cuestións previas:

Resulta órgano competente para a resolución do presente, a Xunta de Goberno por resultar ó órgano que nomeou a mesa de contratación, da que emana o acto impugnado.



Respecto da admisibilidade, tense verificado a lexitimación, por ser destinataria do acto, e pola súa interposición en prazo.

Igualmente como cuestión previa se debe destacar que o licitador se debe ter por notificado con data de 20 de abril de 2021. tal e como consta no expediente en documento con código de verificación IV7HFT3IJ47PUVFKWDXV6JRQGA, que por tanto foi correctamente notificado con tódolos requisitos legalmente establecidos.

2.- Sobre a motivación da exclusión da recorrente:

Ós efectos da motivación da exclusión debese recordar o texto do escrito remitido por Gallaecia con entrada 23 de febreiro de 2021, polo que o licitador modifica a súa oferta e por tanto xera unha segunda proposición :

“

Que en la oferta enviada en su día, ofertamos como mejora de eficiencia energética una reducción del 100% del CO2, todo ello fruto de un mal entendido en el apartado referente a la mejora de la clausula 5 del PCAP.

Que no siendo posible reducir la emisión del CO2 al 100%, por lo menos a día de hoy, solicitamos que se nos puntué la mejora ofertada con cero puntos, tal y como se recoge en la clausula 5 del PCAP *“no caso que os cálculos non sexan correctas ou as solucións propostas se desvien do proposto serán valoradas con 0 puntos”*

POR LO ANTERIORMENTE EXPUESTO:

Solicitamos se nos valore la mejora relativa a eficiencia energética de la clausula 5 del PCAP con una puntuación de cero puntos, quedando el resto de nuestra oferta de igual manera.

”

Pero a maiores, resulta fundamental o momento do procedemento no que comete esta irregularidade, motivadora da súa exclusión, esto é, realiza unha renuncia a parte da súa oferta modificandoa, cando tódalas proposicións estaban abertas, e resultaban publicamente coñecidas, o recorrente era por tanto coñecedor, de que prescindindo de dito criterio e mutilando a súa proposición, entregaría unha obra de características distintas (e non melloradas) respecto ás inicialmente ofertadas e podería resultar igualmente adxudicatario en claro prexuízo do resto de licitadores, e con evidente vulneración dos principios de concorrencia, igualdade, transparencia, así como mandatos relativos ó segredo e non alteración das proposicións.

O licitador coa súa renuncia a executar a obra nos termos comprometidos, modificando a súa oferta, non está a subsanar a mesma, senón substituíndoa por outra nun momento procedimental no que non resulta posible.

Asimesmo, resulta incompatible a conducta do licitador pola que establece a súa propia puntuación no procedemento, desnaturalizando o contrato administrativo o que lle resulta indispoñible, ó non poder variar a súa oferta alterando a súa propia puntuación co fin de executar unha prestación distinta da inicialmente ofertada.

Por isto, compre concluír que tal e como se lle notificou á recorrente, a exclusión atopa a súa motivación no artigo 84 segundo a xustificación realizada pola mesa:

“

A mesa, tendo en conta o anterior, e a vista do informe precedente emitido polo Servizo de Arquitectura, en consonancia cos emitidos con anterioridade, así como das ofertas das empresas licitadoras, acordos das mesas de contratación anteriores, e das aclaracións achegadas polas licitadoras ás que lles foi requirida tal, en relación co criterio “*mellora de parámetros enerxéticos do edificio*”, logo das oportunas deliberacións, **acordou por unanimidade excluír** ás mercantiles CONSTRUCCIONES LOPEZ URDI SLU, CONSTRUCCIONES RAMIREZ SL, CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL, CONTRATAS VILOR SL, OBRAS GALAECIA SL e OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES SL, ao non xustificar a oferta realizada e/ou non acreditar a través do arquivo HULC os cálculos nos que se basea a súa oferta, ou ben ser distintos a xustificación achegada dos cálculos presentados no HULC, entendendo que todas elas, a teor do artigo 84 do RD 1098/2001, adoece de inconsistencia que a fan inviable, ao non quedar acreditado nin os cálculos para alcanzar o porcentaxe de redución nin as alteracións do proxecto que se derivarían destas e que puideran supor un modificado do contrato, ao ser consideradas esenciais, e que nomeadamente se indica no PCAP: *que en ningún caso supoñan unha variación da prestación demandada pola administración e que tampouco sexan obxecto da redacción dun proxecto modificado.*

“

Gallaecia non só non xustifica a súa oferta, ademais de iso a modifica, e o fai encaixando perfectamente no suposto regulado no artigo 84 do RCAP, de recoñecemento por parte do licitador de que a oferta adoece de un erro que a fai inviable, recordemos as palabras da recorrente:

“

Que no sendo posible reducir la emisión del CO2 al 100%, por lo menos a día de hoy, solicitamos que se nos puntué la mejora ofertada con cero puntos, tal y como se recoge en la cláusula 5 del PCAP “*no caso que os cálculos non sexan correctas ou as solucións propostas se desvíen do proposto serán valoradas con 0 puntos*”

”



Tanto é así, que Gallaecia non sólo reconece o erro que fai inviable a súa proposición “ no siendo posible reducir la emisión de CO2 al 100%”, e por tanto inconsistente, senón que ademais a modifica polo valor da proposición equivalente a unha puntuación de 0 puntos, de xeito que admitindo a súa oferta irrealizable, pretende substituíla por outra no seo do procedemento, o que como é sabido resulta prohibido no propio artigo 139 da LCSP, producíndose a maior abundamento como resultado do escrito de data 23 de febreiro de 2021, os efectos do repetido artigo 84 do RXCAP.

Por tanto, non se pode afirmar como pretende o licitador que o acto careza de motivación, sendo cousa distinta que dita motivación non se acomode ó seu parecer.

3.- Sobre a alegación referente o axuste a dereito da exclusión da recorrente como garantía do procedemento de licitación e a conformidade de dita exclusión coas previsións do prego.

Cita a recorrente o texto relativo á definición do criterio que consta nos pregos no que se establece que :

“

*“ 5. MELLORA DE PARÁMETROS ENERXÉTICOS DO EDIFICIO*

*No caso que os cálculos non sexan correctas ou as solución propostas se desvíen do proxecto, serán valoradas con 0 puntos.”*

“

Non obstante, non se pode identificar a concorrencia de tal situación que implicaría a atribución de 0 puntos, coa conducta de Gallaecia, porque non aportou os cálculos\_o cal impide considerar os mesmos correctos ou incorrectos e analizar a viabilidade da súa oferta -por inexistentes- e polo mesmo motivo por non incorrer no suposto de desviación do proxecto ó non poder verificarse este extremo en ausencia de toda xustificación.

E dicir, a previsión de 0 puntos se establece para os casos de xustificación da oferta, pero en ningún caso procede a súa aplicación no caso de non xustificación, retirada e modificación da mesma, unha vez abertas e coñecidas tódalas proposicións do resto de licitadores.

Respecto da vinculación ós pregos do órgano de contratación compre recordar que a modificación da proposición ten como consecuencia a exclusión do licitador, que non se produce por non ofrecer mellora, antes ó contrario, se produce por modificar a proposición inviable (e por tanto rexeitable á luz do artigo 84 do RCAP) , formulando unha distinta, cando os propios pregos prohiben dita dobre formulación no apartado 14.1.4 reproducindo a letra do art. 139 da LCSP.

#### 4.- Sobre a importancia da modificación da oferta.

A exclusión do licitador non se basea na esencialidade, ou importancia do criterio respecto do conxunto de criterios, pois aínda nese caso se debería avaliar ós efectos de exclusión, xa que a mellora versa sobre un aspecto con incidencia no conxunto da obra, ( e non en partes accesorias da mesma, nin na retribución do contratista) e por tanto con incidencia no resultado final, o que cualifica de xeito relevante o criterio e fai procedente a exclusión, sen prexuízo da ponderación relativa que se lle puidera atribuír ó mesmo.

A propia conducta de Gallaecia é a que produce a súa exclusión pola alteración das regras de concorrencia unha vez coñecidas as ofertas dos demais licitadores, asumindo que a oferta prantexada tal e como afirmou a recorrente era irrealizable.

De manterse a Gallaecia no procedemento, e se declarase a esta licitadora adxudicataria, coa obriga de executar a súa oferta ( como parece advertir no recurso), se vulnerarían as regras de contratación administrativa por dous motivos:

a) A administración non podería controlar a execución da obra nin o cumprimento da oferta, ó non terse xustificadas as medidas nin os procedementos para alcanzar o porcentaxe comprometido, polo que quedaría o cumprimento do contrato ó arbitrio de unha das partes (contratista).

b) O contratista debería entregar a administración un obxecto imposible e que recoñeceu de antemán irrealizable, oferta que en toda lóxica a administración non pode aceptar procedendo a súa automática exclusión.



5.- Respecto da posibilidade de corrixir defectos na oferta de melloras.

As alegacións reproducidas se centran na viabilidade das subsanacións cando se refiren a erros aritméticos ou de conta, supostos non equiparables o que nos ocupa.

Sendo cuestión pacífica que non procede corrección nin subsanación algunha por medio da cal se cambia a oferta, o seu sentido, amplitude, ou contía, ou se retira a mesma, sen ter como consecuencia a exclusión do licitador, non cabe mais que ratificar a procedencia da exclusión, cando a maior abondamento dita manobra, mediante a formulación dunha nova proposición, supón entregar á administración unha obra distinta da comprometida, e unha clara vulneración dos principios de igualdade concorrencia e transparencia en prexuízo do resto de licitadores que non pode ter outro efecto que a exclusión do licitador ó que se lle deu a oportunidade de xustificar a súa oferta, e sendo coñecedor das ofertas do resto de licitadores, a modifica declarándoa irrealizable sen xustificación algunha, a pesar de que foi advertido do carácter vinculante da súa oferta e, en consecuencia, da proscrición da alteración da oferta.

Dito documento solicitando aclaración, que non menciona o licitador, entendemos que pola súa a claridade en canto a procedencia da expulsión do procedemento, sinalaba “En todo caso, dita aclaración non suporá unha modificación dos termos da oferta, ben por variar o seu sentido, ben por incorporar outros inicialmente non previstos, soamente será xustificativa da súa oferta, de ser o caso”.

Tal e como sinala a Resolución 152/2020, de 6 de febrero, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales:

“Asimismo, tampoco versa la controversia sobre si resulta válido que, como consecuencia de una solicitud de aclaración formulada por el órgano de contratación, se pueda alterar el contenido de la oferta presentada por una licitadora, pasando de ofertar un determinado número de unidades a otro. Esta cuestión no es susceptible de interpretación, por cuanto la respuesta ha de ser necesariamente negativa, puesto que admitir tal posibilidad permite que el licitador pueda alterar el contenido de su oferta, respecto del presentado inicialmente, en el momento oportuno, lo que

infringe de pleno el principio de inmutabilidad de las ofertas de los licitadores en un procedimiento de contratación, que no puede verse alterado, ni “*motu proprio*” por el mismo licitador, ni por el órgano de contratación, en virtud de los requerimientos de aclaración o de subsanación que pueda realizar, por lo que, en ningún caso cabría admitir la validez de un cambio en el número de unidades ofertadas originariamente por el licitador, en un momento posterior al de la presentación inicial de la oferta, cuando ese número de unidades figura como exigencia o requisito mínimo para la admisión de las ofertas, contenido dentro del pliego de prescripciones técnicas, entendiéndose con ello que forma parte del contenido esencial de la oferta.”

Consideramos en fin, que a exclusión de Gallaecia ademais de automática se amosa plenamente procedente cando da modificación da oferta se deriva que os seus termos son susceptibles de varias lecturas, (tal e como sinalan as resolucións citadas no recurso nas paxinas 19 e 20 entre elas a 283/2012) ate configurar, alegando o carácter inexecutable da súa proposición, dúas ofertas totalmente distintas.

Conclusión:

Vistos os antecedentes, e documentación incorporada ao expediente resulta posible ditar resolución nos termos desta proposta:

**1º.-** Desestimar o recurso interposto o 23 de abril de 2021 por Obras Gallaecia SL fronte a súa exclusión do procedemento de contratación da obra "Construción Centro de atención a maiores (Concello de Pobra de Brollón)", e por tanto confirmar o acto administrativo e a súa eficacia, continuando o procedemento.

**2º.-** Dar traslado ó servizo de contratación e fomento, ó servizo de intervención e o servizo de arquitectura.

**3º.-** Notificar ó interesado, con indicación de que fronte á resolución do presente que pon fin á vía administrativa non cabe a interposición de ningún outro recurso administrativo sen prexuízo da interposición do recurso contencioso administrativo no prazo de 2 meses dende a notificación da presente.





E non habendo máis asuntos que tratar, O Presidente levanta a sesión, sendo as doce e vinte e oito minutos do día de referencia, de todo o cal eu o Secretario da mesa, Certifico, asinándose dixitalmente a presente acta a efectos de deixar constancia do acontecido na Mesa de Contratación telemática referida no encabezado.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ARQUIVO DO EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN CONTRACTUAL DA OBRA: DESDOBRAMENTO E HUMANIZACIÓN DA AVENIDA INFANTA ELENA, DUQUESA DE LUGO. TRAMO GLORIETA RONDA NORTE- GLORIETA 25 DE NOVIEMBRE.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Antecedentes

Consta como antecedentes ós efectos de emisión do presente, ademais do expediente administrativo relativo á contratación, os seguintes feitos e documentos:

Pola Xunta de Goberno, en data 15/05/2019 acordouse adxudicarlle a execución da obra LUGO.-Desdoblamento e humanización da Avenida Infanta Elena, Duquesa de Lugo. Tramo glorieta Ronda norte-Glorieta 25 de novembro, á mercantil Obras, Pavimentos e Instalaciones Industriales, SL (Opain, SL), con CIF B-36719490.

En data 26/08/2020 recíbese no rexistro desta Deputación escrito de D. Marcos Rodríguez Ogando, en representación da mercantil Obras, Pavimentos e Instalaciones Industriales SL, incorporado ao expediente, realizando alegacións e solicitando o inicio do expediente de resolución do Contrato de obras de referencia por causas alleas á responsabilidade do contratista.

Foi solicitado informe a asesoría xurídica respecto de dita solicitude que conclúe nos seguintes termos: “o incumprimento pola adxudicataria Opain SL da obriga contractual esencial de elaboración e presentación do Plan de Seguridade e Saúde, co obxecto de ser informado e aprobado pola Administración antes da Comprobación do reformulo ou implantación e do inicio da obra, constitúe causa de resolución do contrato de conformidade co estipulado na cláusula 22.2 do PCAP e en aplicación do establecido no artigo 211.1.f) da LCSP”.

A Xunta de Goberno adoptou diversos acordos con data de 6 de novembro de 2020 entre eles e no que respecta ó asunto que se informa:

“Segundo.- Acordar o inicio do procedemento para a resolución do contrato administrativo de obras Desdoblamento e humanización da Avenida Infanta Elena, Duquesa de Lugo. Tramo glorieta Ronda norte-Glorieta 25 de novembro adxudicado á entidade Obras, Pavimentos e Instalaciones Industriales,SL, polas causa expresadas no corpo do presente por concorrer posible incumprimento dunha obriga esencial do prego ó abeiro da documentación obrante no expediente.

Terceiro.- Dar trámite de audiencia a Obras, Pavimentos e Instalaciones Industriales, SL, con CIF B-36719490, e ao avalista da garantía definitiva prestada, polo prazo de 10 días hábiles na medida que se puidese proceder a incautación da garantía depositada.

Cuarto.- Resolto o expediente de resolución iniciar, no seu caso, a instrución de expediente contradictorio para determinación da indemnización dos danos e prexuízos causados a esta Deputación e así mesmo o que proceda respecto da posible declaración dunha prohibición para contratar de verificarse incumprimentos do prego e actuacións contrarias ao interese xeral imputables ao contratista.

Quinto.- Notificar ó contratista o acordo que se adopte, con indicación de que contra a mesma, no que respecta ó número “primeiro” que pon fin á vía administrativa pode interpoñer potestativamente no prazo dun mes dende a notificación do presente recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, ou se non optase pola interposición de aquel, interpoñer recurso contencioso administrativo no prazo de 2 meses perante os xulgados do contencioso administrativo de Lugo, informándolle así mesmo que fronte ó resto do acordo que é de trámite non cabe a



interposición de recurso algún, sen prexuízo de que formule cantas alegacións estime precisas no tramite conferido ó efecto.”

Notificado o devandito acordo o 10 de novembro de 2020, o contratista remitiu diversos escritos entre eles con data de 17 de novembro unha petición de acceso ó expediente e asimesmo un recurso de reposición con data de 9 de decembro de 2020 que foi obxecto de resolución separada considerando a súa singularidade procedimental por fundamentarse en causa de resolución distinta e producida con posterioridade con aquela que motivou a incoación do expediente por causa imputable o contratista.

Con data de 20 de novembro e 10 de decembro de 2020 se recibiron alegacións nas que o contratista se opón á resolución contractual.

Con independencia da data da súa formulación, e que parte de elas se producen fora do prazo establecido no art. 109 do RXCAP 1098/2001, procedese ó análise das mesmas con plena garantía do principio de contradición e congruencia da resolución que se deba adoptar.

Con data 10/02/2021 o Consello Consultivo de Galicia remite escrito no que solicita incorporación do informe da intervención e unha resolución do recurso de reposición obrante no folio 1872 da documentación obrante no expediente, para posterior audiencia ó contratista.

De dita documentación, así como do escrito do consello Consultivo de Galicia déuselle traslado ó contratista, que formulou novo escrito de oposición con data de 22 de febreiro de 2021.

Ós efectos de cumprimentar o indicado polo Consello Consultivo de Galicia formulouse nova proposta de resolución con data de 23 de febreiro de 2021.

Con data 24 de marzo recibíuse nesta administración ditame desfavorable do Consello consultivo de Galicia á proposta de resolución, que contén as seguinte consideración a salientar:

“

En consecuencia, non sendo aplicable o prazo máximo de un mes desde a formalización do contrato para a comprobación do reformulo por concorrer a causa xustificada prevista na cláusula 21.1 do PCAP, o dito prazo tampouco pode entenderse que fose aplicable como prazo máximo para o cumprimento polo contratista da obriga de presentación do Plan de Seguridade e Saúde, pois, transcorrido o dito prazo, o contratista podía seguir presentando o dito plan “antes da comprobación do reformulo”.

“

Con data de 11 de maio de 2021 e número de entrada 2021RPE007532 comunicouse a esta Deputación a posta a disposición dos terreos por parte do Concello de Lugo.

Normativa aplicable:

Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP)

Regulamento Xeral da Lei de Contratos das AA.PP., aprobado por R.D. 1098/2001 do 12 de outubro.

Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Lei 40 /2015 do réxime xurídico do sector público.

R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Pregos de Cláusulas Administrativas do expediente de contratación.

Regulamento Orgánico Provincial.

Consideracións:

Procedemento a seguir

Vistos os antecedentes corresponde na opinión deste informante proceder o arquivo do expediente, resultando que do contido do ditame do Consello Consultivo de Galicia se poden extraer as seguintes conclusións:



A improcedencia de resolver o contrato sen ter procedido á comprobación do replanteo, ou o intento de este.

O carácter xustificado da demora no replanteo, dacordo coa propia letra dos pregos, que o contratista coñece e aceptou, non resultando imputable ó órgano de contratación dita demora.

Por tanto, procede o arquivo do expediente xa iniciado, debendo requirir ó Concello de Lugo para que en cumprimento das obrigas adquiridas na adenda do convenio de data 31 de decembro de 2018 na súa cláusula segunda apartado 3.2 que establece como obrigas municipais as seguintes:

- a) Achegar como contribución ao fin común a cantidade de 50.000,00 euros na anualidade de 2018, así como o importe que reste e resulte necesario para o cumprimento dos fins do convenio.
- b) Achegar os proxectos técnicos para a execución das obras.
- c) Encargarse da dirección facultativa das obras e coordinación de seguridade e saúde.
- d) Aportar os terreos precisos, permisos e autorizacións que sexan preceptivas.
  
- e) Asumir a titularidade dos resultados obtidos, e a tal fin, unha vez executados os investimentos e recibidos, contractualmente, por parte da Deputación, recepcionalos, incorporalos ao inventario municipal e abrilos ao uso público na data límite do 30 de novembro de 2020.
- f) Facilitar canta información e antecedentes lle solicite a Deputación de Lugo.
- g) Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación de Lugo.
- h) Participar nos actos institucionais que se organicen con ocasión da execución e cumprimento deste convenio.
- i) Cumprir coas determinacións do artigo 53 da amentada Lei 40/2015, de RXSP, que lle resulten aplicables

No que afecta a presente incidencia, o requirimento ó Concello, ten como finalidade que éste proceda á maior brevidade á acreditación do cumprimento das súas obrigas no que se refire á letra“c”, do dito apartado 3.2 da cláusula segunda, mediante a aportación do nomeamento dos ditos profesionais, toda vez que consta a posta a disposición dos terreos.

Sobre o órgano competente

Ó abeiro do disposto no artigo 59, do Regulamento Orgánico Provincial, no seu apartado 12 corresponde a Xunta de Goberno, como órgano de contratación, a adopción do presente acordo.

Deste xeito propono acordo do órgano competente nos seguintes termos:

1º.- Tomando razón do ditame do Consello Consultivo de Galicia de 24 de marzo de 2021, proceder o arquivo do expediente de resolución do contrato de obra: LUGO.-Desdoblamento e humanización da Avenida Infanta Elena, Duquesa de Lugo. Tramo glorieta Ronda norte-Glorieta 25 de novembro.

2º.- Notificar a presente á entidade Obras, Pavimentos e Instalaciones Industriales, SL, con indicación expresa, de que o presente acto pon fin a vía administrativa.

3º.- Tomar razón do escrito do Concello de Lugo de data 11 de maio de 2021 polo que pon a disposición da Deputación de Lugo, os terreos precisións para a execución da obra.

4º.- Requirir ó concello de Lugo en atención obrigas contidas na adenda do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación de Lugo e o Concello de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes en: Desdoblamento, urbanización e humanización da Avenida Duquesa de Lugo, aprobado pola Xunta de Goberno en data 28-12-2018, asinada o 31 de decembro de 2018, para que proceda á comunicación dos profesionais que exercerán as funcións de dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde ós que se refire á letra c) do apartado 3.2 da cláusula segunda, os efectos de proceder ó replanteo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**14.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.**



**Primeiro.-** *Plan de seguridade e saúde obra O Corgo- Castroverde.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o plan de Seguridade e Saúde da obra que se indica, presentado polo contratista adxudicatario, en cumprimento do disposto no art. 7 do R.D. 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e informes emitidos polos directores técnicos das obras e polos servizos Técnicos desta Excma. Deputación, o Deputado Delegado que subscribe propón á Xunta de Goberno que se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o Plan elaborado para a súa aplicación ás obras que se relaciona.

2º.- Comunicar esta aprobación ós directores técnicos e contratistas, para o seu cumprimento durante a execución das obras.

Obra da que se aproba o plan de seguridade e saúde:

Obra: O CORGO-CASTROVERDE.- Ensanche e mellora LU-P-1201 “Souto de Torres (LU-530) –Sobrado (N-VI)”, P.K. 10+120 a 11+650

Contratista: Rafer SL”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Segundo.-** *Plan de seguridade e saúde Granxa Gayoso Castro.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Recursos Sostibles, do seguinte teor:

“Visto o Plan de Seguridade e Saúde da obra que se indica, presentado polo contratista adxudicatario, en cumprimento do disposto no art. 7 do R.D. 1627/1997 do 24 de outubro, polo que

se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, e informe emitido polo Coordinador de Seguridade e Saúde na fase de execución, o Deputado que subscribe propón á Xunta de Goberno que se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o Plan elaborado para a súa aplicación á obra que se relaciona.

2º.- Comunicar esta aprobación aos directores técnicos e contratistas, para o seu cumprimento durante a execución da obra.

Obra da que se aproba o Plan de seguridade e saúde no traballo:

Obra: Reconstrución de cubertas e reforzo estrutural de edificios e naves da Granxa Gayoso Castro. Proxecto técnico de reparación de danos causados por tornado en Granxa Gayoso Castro. Castro Ribeiras de Lea, Castro de Rei (Lugo).

Contratista: TRAGSA.

Directores Técnicos: Rubén Cobas Fernández e Mario Iglesias Rodríguez.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES, DO GASTO E DOS MODELOS DE SOLICITUDE PARA A POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA MUSIQUEANDO POLA PROVINCIA NA ANUALIDADE 2021.**

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“A Área de Cultura ten entre as súas competencias as de contribuír á difusión da música tradicional na vertente de música de banda, música coral e música tradicional das entidades pertencentes á provincia de Lugo e ao mesmo tempo a de potenciar as festas patronais e de marcado carácter popular que se levan a cabo na provincia de Lugo.





No Programa “Musiqueando” poderán participar (previa solicitude de inclusión segundo os modelos de solicitude aprobados nesta convocatoria), as agrupacións musicais (abaixo sinaladas), sempre que teñan a súa residencia/sede social radicada na provincia de Lugo, que estean legalmente constituídas, e que cumpran todos os requisitos que figuran nestas bases:

Categorías de agrupacións/ tipoloxías musicais que poden participar nesta convocatoria
Bandas de música
Grupos corais
Grupos de música tradicional

Non poderán participar grupos infantís, cuxos compoñentes sexan menores de 13 anos. Se nalgún dos grupos existisen membros menores de idade, o grupo deberá contar coa autorización paterna/materna correspondente.

Do mesmo xeito, en caso de existir integrantes menores de idade deberase asinar unha declaración responsable pola que se fará cargo da súa seguridade e demais responsabilidades derivadas, a persoa responsable do grupo de música, banda ou coral participante neste Programa.

Os participantes neste Programa (solicitantes de actuación e grupos musicais participantes) deberán responsabilizarse do cumprimento da normativa hixiénico- sanitaria vixente para a realización deste tipo de actividades culturais (por mor da Covid-19) ata o momento da realización da actuación concedida, se fose o caso, e eximíndose a Deputación de Lugo de calquera responsabilidade derivada deste aspecto.

Este Programa vai dirixido tanto aos Concellos da provincia, os cales poderán solicitar actuacións para acollerse a este programa. De igual xeito, poderán solicitar actuacións aquelas entidades sen ánimo de lucro da provincia, que estean xuridicamente constituídas, e que teñan entre as súas finalidades a promoción da cultura, do mesmo xeito que as comisións de festas que se encarguen de organizar as festas patronais no ámbito xeográfico da provincia de Lugo.

Só se concederán actuacións musicais entre o 3 de xullo e até o 14 de novembro de 2021 (ambos inclusivos).

Os beneficiarios do Programa (concellos e asociacións) só poderán solicitar unha actuación por anualidade.

No caso de que se soliciten, máis dunha actuación, concederáse a primeira das presentadas, de acordo co número de rexistro de entrada.

Nesta anualidade 2021, e dado a excepcionalidade que se está a vivir por mor da Covid- 19 a Deputación de Lugo (Servizo de Cultura) asumirá o 100% do custo das actuacións que se deriven deste Programa.

De igual xeito, ante a situación que se está a vivir, no que os rebrotes da epidemia da Covid-19 poden condicionar a posibilidade de materializar a realización das actuacións concedidas, de xeito excepcional contéplase que:

Aquelas actuacións que puidesen ser suspendidas por causas derivadas da evolución da situación hixiénico-sanitaria da Covid-19 -ante o avance da pandemia e/ou do posible peche dos territorios onde se ían a realizar as actuacións concedidas-, e para que esta situación non supoñan un condicionante adverso para os recursos económicos dos grupos adxudicatarios, prevese que nesta anualidade exista a posibilidade de realizar ata un máximo de 2 actuacións gravadas- no caso de verse afectados polos efectos da pandemia. Para elo deberán cederlle á Área de Cultura da Deputación de Lugo os seus dereitos de difusión virtual das gravacións nas redes sociais da Área de Cultura ata o 1 de abril de 2022.

A/as gravación/óns (máximo dúas por grupo participante- se fose o caso-) fará as veces de comprobante da materialización da actuación /actuacións (máximo 2/ por grupo- se fose o caso). A/as gravación/gravacións deberá ser entregada/as á Deputación de Lugo (Servizo de Cultura) como requisito imprescindible para o cobro da/as actuación/s non materializada/as en vivo, se fose o caso, e actuando a propia gravación como comprobante da realización da actividade. En ningún caso, se poderá facturar a actuación- non materializada- por causas hixiénico-sanitarias sen a presentación da gravación que compense a non materialización in situ da actividade musical concedida- sempre que a súa suspensión se deba a causas sanitarias por mor da evolución da pandemia derivada da Covid-19. Este suposto é excepcional e aplicarase, en todo caso, única e



excepcionalmente a un máximo de 2 actuacións concedidas no caso de que un grupo, banda ou coral tivese concedidas ata un máximo de dúas actuacións que non puidese ser materializada por causas sanitarias. A este respecto, gravaríase a primeira actuación temporal das suspendidas (para o caso de grupos cunha única actuación concedida) ou as dúas primeiras actuacións concedidas no caso de ser un grupo con máis dunha actuación concedida dentro deste Programa.

As gravacións deberán ser actuais (deste ano) e adaptadas as condicións establecidas nas bases deste Programa para a anualidade 2021 e, no caso de presentar (como máximo) dúas gravacións, estas deberán estar configuradas cun repertorio diferente. Non se aboarán 2 facturas de actuacións onde as gravacións que as xustifican conteñan o mesmo repertorio.

Estas gravacións- de ser o caso- serán difundidas pola Deputación de Lugo a través das súas redes sociais ata o 1 de abril de 2022, debendo presentar as seguintes características técnicas:

Formato MP4.

Duración de cada gravación: entre 20 e 25 minutos. O prezo da gravación – en caso de ter que facela por motivos hixiénico-sanitarios- será o mesmo que o da actuación en vivo xa que abrangue os custes de gravación, montaxe, edición e cesión de dereitos para a súa difusión nas redes da Área de Cultura ata o 1 de abril de 2022.

Os cachés das actuacións serán os seguintes:

Bandas de música:

Bandas de menos de 15 integrantes: 850 euros. Bandas entre 15 e 24 integrantes: 1.100 euros.

Bandas entre 25 e 39 integrantes: 1.500 euros.

Bandas entre 40 e 50 integrantes: 2.000 euros Bandas de máis de 50 integrantes: 2.500 euros.

Grupos de música tradicional:

Grupos de música tradicional con menos de 10 integrantes: 750 euros Grupos de musica tradicional entre 10 y 20 integrantes: 900 euros Grupos de música tradicional con máis de 20 integrantes: 1.100 euros.

Corais:

Corais hasta 20 integrantes: 900 euros

Corais con máis de 20 integrantes: 1.100 euros

En canto ao réxime dos contratos menores, estarase ao disposto polo marco normativo establecido nos artigos 29.8, 118 e 131.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Por todo elo, a Deputada delegada de Cultura propón a aprobación – se procede- pola Xunta de Goberno- dos seguintes puntos:

1º.- Aprobación das bases do Programa “Musiqueando pola provincia” na anualidade 2021.

2º.- Aprobación do gasto total do Programa por importe de 100.000 euros.

3º.- Aprobación dos modelos de solicitude para adherirse ao Programa.

4º.- Aprobar a publicación das bases da convocatoria no B.O.P.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DUN BENEFICIARIO DAS AXUDAS PARA A MEDIDA 8.2.4.2 “GENTE JOVEN EN EL RURAL” DENTRO DO PROGRAMA PRENDE! BOTA RAÍCES NO RURAL.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor.



“Considerando que con data 26.06.2020 aprobouse en Xunta de Goberno a convocatoria e bases das medidas de fomento de emprego por conta allea 8.2.4.2 “Gente joven en el rural”, e as medidas de fomento do emprego por conta propia medida 8.2.3.3 “ Tu empleo social en el rural” e axudas ao emprendemento colectivo no marco da economía social medida 8.2.3.4 “Tu empleo en el rural”, dentro do Programa Prende! Bota Raíces no Rural. Ditas bases publícanse con data 30.06.2020 no BOP número 148.

Considerando que a situación vivida nos últimos meses ocasionada polo Covid 19, imposibilitou cubrir o número total de prazas ofertadas na primeira convocatoria das medidas 8.2.4.2 “Gente joven en el rural” e 8.2.3.4 “Tu empleo en el rural” dentro do programa Prende! Bota Raíces no Rural, se a isto sumamos as renuncias presentadas por parte das empresas beneficiarias froito dos pechos obrigatorios, redución de horarios... quedaron dispoñibles 18 bolsas na primeira das medidas e 2 na segunda. Polo que para aproveitar o máximo o impacto positivo que xera o programa na economía, con data 27.04.2021 publícase, no BOP número 094 e na Base Nacional de Subvención (BDSN), a aprobación da nova convocatoria das medidas 8.2.4.2 “Gente joven en el rural” e a medida 8.2.3.4 “Tu empleo en el rural”, cun período de solicitude ininterrompido que abrangue dende o día seguinte a publicación do extracto da convocatoria no BOP, previa publicación na Base Nacional de Subvencións e ata o 30.09.2021, ou ben ata que se esgote as bolsas de axuda ofertadas por cada unha das Medidas.

Considerando que segundo se recollen nas bases anteriormente mencionadas, concretamente no seu artigo 1, os obxectivos da medida, son os seguintes:

“(…)

1) Fomento da empregabilidade

Recollido na Medida 8.2.4.2 “Gente joven en el rural” a través da que se persegue contribuír a mellora da empregabilidade dos mozos e mozas do medio rural mediante a concesión de 30 bolsas de axudas económicas a persoas físicas ou xurídicas, afincados nos concellos relacionados no Anexo I, para a contratación por conta allea, financiando os custos salariais do

50% do SMI vixente durante 12 meses para a contratación dun mozo inscrito no sistema de garantía xuvenil.

(...)"

Considerando que atendendo ó artigo 4 das bases, a contía máxima de subvención que poderían recibir cada un dos beneficiarios/as será a seguinte:

Medida 8.2.4.2 "Gente joven en el rural", 5.700,00 € no caso de manter a contratación do traballador asignado durante 12 meses.

Considerando que para poder optar a ser beneficiario deste programa, tal e como se recolle nos artigos 1 e 3 das bases, é necesario cumprir cos seguintes requisitos:

Medida 8.2.4.2 "Gente joven en el rural", persoas físicas ou xurídicas:

Cuxos centros de traballo se atope nalgún concello dos recollidos no Anexo I.

Desenvolvan unha actividade relacionada coa hostalaría e o turismo, a enerxía e a auga, a agricultura e a gandería ou o medio ambiente.

Que non estean incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a recollidas nos 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de novembro, xeral de subvencións en concordancia coa Lei 9/2007 de xuño, de subvencións de Galicia.

Considerando que segundo se recolle no artigo 6 das bases que rexen esta subvención, e atendendo ao novo prazo establecido na convocatoria publicada con data 27.04.2021 no BOP número 094, no momento da tramitación da solicitude é preciso entregar a seguinte documentación:

"(...)

6.2.1 Medida 8.2.4.2 "Gente joven en el rural" Prende! Bota Raíces



Solicitud de adhesión (Modelo de Solicitud) da Medida 8.2.4.2 “Gente Joven en el Rural”, asinada.

CIF ou DNI.

Estatutos para o caso de ser persoa xurídica ou Alta no Censo de Empresarios, Profesionais e Retenedores para o caso de que o solicitante sexa persoa física (Modelo 036 ou 037).

Anexo II – Declaración responsable asinada.

Anexo III – Declaración doutras axudas de mínimos percibidas.

Certificacións de estar ao corrente das obrigacións tributarias (Axencia Estatal e Autonómica), Seguridade Social e Deputación de Lugo, só no caso de non autorizar a súa comprobación pola Deputación Provincial de Lugo.

Considerando que en relación o procedemento de Selección dos beneficiarios de acordo ao artigo 7 das bases, este é un procedemento de concorrencia non competitiva, sen que se produza a comparación de solicitudes, onde o órgano instructor dos expedientes será o Deputado da Área de Promoción Económica e Social, sendo avaliados e informados por unha comisión de valoración composta por tres empregado públicos da Deputación de Lugo, (nomeados por resolución de presidencia) respectando en todo caso para o seu funcionamento o establecido no artigo 15 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público, tendo en conta que si o orzamento non é suficiente para conceder todas as axudas aplicarase como criterio de prioridade a data de presentación, para o caso de coincidencia na data de presentación será a hora a que determine a prelación dos beneficiarios.

Considerando que comprobada a documentación e o cumprimento dos requisitos do Programa por parte do órgano xestor das solicitudes presentadas da Medida 8.2.4.2 dentro do Programa Prende! Bota raíces no rural, con data 10.05.2021, reúnese a Comisión de Valoración emitindo informe proponendo as listaxes definitivas dos expediente completos a través da acta que

se acompaña a este informe, supeditada, en todo caso, á existencia de crédito e o cumprimento dos requisitos.

Por todo o anterior, proponse a Xunta de Goberno a aprobación:

1º.- Da proposta, nos termos efectuadas pola comisión de Valoración na reunión do data 10.05.2021. (Achégase acta).

2º.- Da listaxe de beneficiarios da medida 8.2.4.2 “Gente joven en el rural” dentro do programa Prende! Bota raíces no rural, xunto co importe máximo de subvención, 5.700,00€ durante as anualidade 2021 e 2022. O beneficiario reúne todos os requisitos e o expediente adecúanse ás bases para a concesión da subvención en réxime de concorrencia non competitiva, constando no mesmo declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter as condicións de beneficiario, sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias estatais, autonómicas, de seguridade social e Deputación de Lugo.”

REXISTRO	EXPEDIENTE	BENEFICIARIO	NIF	CONCELLO	PERFIL	SUBVENCIÓN
03/05/2021 12:53:22	2021/PCA_01/000001	Francisco Javier Gonzalez Rodriguez	***5910**	Bóveda	Peón Cunicultura	5.700,00€
TOTAL						5.700,00€

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**17.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DE PARTICIPACIÓN E DO GASTO DOS PREMIOS DA COPA DEPUTACIÓN DE LUGO DE PIRAGÜISMO ANO 2021 E DO MODELO DE PARTICIPACIÓN.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:





“Visto o informe do Servizo de Deporte no que se reflicte que a presente Copa Deputación de piragüismo, de acordo co seu Regulamento, aprobado pola Federación Galega de Piragüismo (Asemblea xeral ordinaria 06-02-2021 <http://www.fegapi.org/web/2016/wp-content/uploads/2021/02/LIGA-PROVINCIAL-LUGO.pdf>), estará aberta a todos os clubs de piragüismo e seccións de piragüismo de entidades deportivas da provincia de Lugo.

Visto que se trata dunha competición de carácter oficial, dado que vai ser organizada pola Federación Galega de Piragüismo.

Visto que estará aberta a todos os clubs de piragüismo e seccións de piragüismo de entidades deportivas da provincia de Lugo e que aos participantes a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica aboaralles pola súa participación unha cantidade económica en concepto de premio, en función dos resultados logrados na competición de acordo ao regulamento federativo da proba.

Visto informe do Servizo de Contratación e de Secretaría Xeral.

Visto o informe da Intervención.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno da Excm. Deputación Provincial se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar as bases de participación da Copa Deputación de Lugo de piragüismo, ano 2021.

**2º.-** Aprobar o gasto correspondente por un importe total 20.000,00 € (vinte mil euros).

**3º.-** Aprobar así mesmo, o modelo de inscrición da Federación Galega de Piragüismo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**18.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES REGULADORAS E DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DO PERSOAL INTERINO PARA O DESEMPEÑO DE POSTOS RESERVADOS A PERSOAL FUNCIONARIO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL CON HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL EN ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE LUGO (SECRETARÍA-INTERVENCIÓN, SECRETARÍA CATEGORÍA DE ENTRADA, E INTERVENCIÓN- TESOURARÍA CATEGORÍA DE ENTRADA).**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a proposta de data 14/05/2021, do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos, xunto co expediente da súa razón, no que se sinala:

“(…)

Primeiro.- Neste Servizo vense plantexando dende aí un tempo, por parte de diversos Concellos da provincia de Lugo, a problemática da existencia de prazas vacantes de persoal funcionario da administración local con habilitación de carácter nacional (en diante, PFALHN).

Segundo.- A carencia deste persoal supón dificultades importantes no funcionamento ordinario dos Concellos que se atopan nesa situación, polo que sería de gran utilidade que esta Deputación dispuxese de bolsas para a selección de persoal interino para o desempeño de postos reservados a PFALHN, ao obxecto de dar cobertura de maneira temporal a ditas prazas vacantes existentes nos diferentes Concellos da provincia de Lugo, e así, consecuentemente, axilizar o funcionamento dos Concellos, podendo deste xeito, ofrecer aos cidadáns un servizo de máis calidade, rápido e eficiente.

Terceiro.- O art 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), establece as competencias propias das Deputacións, entre as que figura a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión. Ademais, dito precepto dí que en todo caso, a Deputación garantizará nos municipios de menos de 1.000 habitantes, a prestación dos servizos de Secretaría e Intervención.

Cuarto.- Dende este Servizo, considérase que sería convinte que a Deputación Provincial de Lugo dispuxera dunhas bases reguladoras para a selección de persoal interino para o desempeño



de postos reservados a PFALHN, ao fin de dispor de bolsas para a selección de persoal destinado a ocupar postos vacantes, con carácter temporal, naqueles Concellos que previamente o soliciten (nas subescalas de Secretaría – Intervención, Secretaría categoría de entrada, e Intervención – Tesouraría categoría de entrada).

Polo anteriormente exposto, xúntanse ditas bases reguladoras, e propónse:

A aprobación das bases reguladoras para a selección do persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario da administración local con habilitación de carácter nacional en entidades locais da provincia de Lugo (Secretaría – Intervención, Secretaría categoría de entrada, e Intervención – Tesouraría categoría de entrada).

A aprobación da correspondente Convocatoria, e a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios desta Deputación, por un período de 15 días.”

E visto informe xurídico da Secretaría Xeral Adxunta, coa conformidade da Secretaría Xeral, de data 14/05/2021, no que se relaciona o seguinte:

“(…)

Normativa aplicable

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Lei 5/1997, do 22 de xuño, de administración local de Galicia.

Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da comunidade autónoma de Galicia respecto dos funcionarios con habilitación de carácter estatal.

## Consideracións xurídicas

Con data 14/05/2021, emitiuse proposta dende o Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos, para a aprobación das bases reguladoras para a selección do persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario da administración local con habilitación de carácter nacional en entidades locais da provincia de Lugo (Secretaría-Intervención, Secretaría categoría de entrada, e Intervención-Tesouraría categoría de entrada). Propoñendo así mesmo, a aprobación da correspondente Convocatoria e a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Constan no expediente, as devanditas bases, asinadas en data 14/05/2021, pola Secretaria-Interventora do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos, coa conformidade do Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos.

O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), establece as competencias propias das Deputacións, entre as que figura a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión. Así mesmo, dito precepto estipula que en todo caso, a Deputación garantizará nos municipios de menos de 1.000 habitantes, a prestación dos servizos de Secretaría e Intervención.

O artigo 48 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos/as funcionarios/as de administración local con habilitación de carácter nacional, establece que:

“1. Con independencia da provisión de postos de traballo por concurso e libre designación e da asignación de postos mediante nomeamentos de primeiro destino, as Comunidades Autónomas poderán efectuar a cobertura dos postos reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional, mediante os seguintes tipos de nomeamento:

(...)

e) Nomeamentos interinos.

(...).”



E no artigo 53 do devandito Real Decreto, estipúlase que:

“1. Cando non fose posible a provisión dos postos reservados por funcionarios/as de Administración local con habilitación de carácter nacional e, sen perxuízo da previsión establecida no artigo 10.4 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, as Corporacións Locais poderán proponer á Comunidade Autónoma, con respecto aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, o nomeamento dun funcionario/a interino/a, que deberá estar en posesión da titulación esixida para o acceso ao subgrupo A1. (...)”

Aos sistemas de provisión, tamén se refire o artigo 19 do Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal:

“1. Os postos de traballo vacantes reservados a funcionarios/as con habilitación de carácter estatal proveeranse por concurso de méritos, que será o sistema normal de provisión. Excepcionalmente, poderán proveerse polo sistema de libre designación, segundo o establecido na normativa básica estatal e no presente decreto.

2. Con independencia dos sistemas de provisión de carácter definitivo a que se refire o apartado anterior, os postos de traballo reservados poderán cubrirse mediante nomeamentos provisionais, comisión de servizo, acumulacións, nomeamentos accidentais ou de persoal interino, de acordo co estipulado na sección 4º do presente capítulo.

3. A provisión do posto a través das modalidades previstas no apartado primeiro, ou a reincorporación do/a titular, determinará automaticamente o cese de quen o viña desenvolvendo.”

E no mesmo Decreto, establécese o seguinte:

No artigo 39.1:

“Os postos reservados que por calquera razón non estivesen desenvoltos por funcionarios/as con habilitación de carácter estatal, poderán cubrirse mediante nomeamento provisional, comisión de servizos, acumulación, funcionario/a accidental ou nomeamento de

funcionario/a interino/a, por esa orde de preferencia coas excepcións indicadas nos artigos seguintes.”

No artigo 46:

“1. Cando non fose posible a provisión dos postos de traballo vacantes nas corporacións locais reservados a funcionarios/as con habilitación de carácter estatal polos procedementos previstos nos artigos 41, 43 e 44, as corporacións locais, previo informe do órgano autonómico competente, poderán proponer o nomeamento como funcionario/a interino/a dunha persoa que esté en posesión da titulación esixida para o acceso á subescala e categoría á que pertence.

2. A selección do/a funcionario/a interino/a efectuarase preferentemente mediante o sistema de concurso, baseado nos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, e conforme ás seguintes regras:

a) Aprobación das bases da convocatoria, conforme ao modelo proposto polo órgano autonómico.

b) Publicación das bases no BOP e no taboleiro de anuncios da entidade por un período non inferior a quince (15) días.

3. A entidade local levará a cabo o proceso de selección e, finalizado éste, elevará proposta á consellería competente en materia de réxime local xunto co expediente completo, para, unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos e non existindo funcionario/a con habilitación de carácter estatal interesado/a, efectuar o mencionado nomeamento.

4. O funcionario/a interino/a cesará no momento no que o posto que ocupa sexa solicitado por funcionario/a con habilitación de carácter estatal e otorgado nomeamento ao seu favor.”

No que respecta ás subescalas, o artigo 17.1 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, establece que a escala de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, divídese nas seguintes subescalas:

Secretaría.

Intervención – Tesouraría.

Secretaría – Intervención.



E nos puntos segundo e terceiro do mesmo precepto, dise que os funcionarios integrados na subescala de Secretaría, e os integrados na subescala de Intervención – Tesouraría, poderán ostentar a categoría de entrada ou a categoría superior. Facendo alusión no punto cuarto á subescala de Secretaría – Intervención, establecendo que na mesma non existe diferenciación de categorías.

### Conclusión

Tendo en conta os antecedentes relacionados, e as consideracións xurídicas realizadas, infórmanse favorablemente as bases, procedendo continuar coa tramitación do expediente, para a súa posterior aprobación pola Xunta de Goberno.”

Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar as bases reguladoras para a selección do persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario da administración local con habilitación de carácter nacional en entidades locais da provincia de Lugo (Secretaría – Intervención, Secretaría categoría de entrada, e Intervención – Tesouraría categoría de entrada).

**2º.-** Aprobar a Convocatoria para a selección de dito persoal, e a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios desta Deputación, por un período de 15 días.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

### **19.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE EXCEDENCIA POR COIDADO DE FAMILIAR DUN FUNCIONARIO INTERINO DESTA DEPUTACIÓN.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delgada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. Antonio Álvarez Cabana, Enxeñeiro Industrial, funcionario interino, suposto artigo 10.1.a) do EBEP “Existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira”, adscrito á Axencia Provincial da Enerxía, na Sección de Innovación e Participación Cidadá da Área de Promoción Económica e Social, en escrito de data 22 de abril de 2022, rexistrado o mesmo día, co número 4.015, solicita a excedencia por coidado de familiar, polo período un ano, susceptible de ampliarse no suposto de que se mantivese dita situación.

#### Lexislación aplicable

Artigo 140 do Real Decreto Lexislativo 781/86, do 18 de abril, que nos seus apartados 1 e 2 establece:

“1.- As situación nas que poden atoparse os funcionarios de carreira da Administración Local serán as seguintes:

(...)

c) Excedencia forzosa ou voluntaria

(...)

2.- Ditas situación regularanse pola normativa básica estatal e pola lexislación de función pública da respectiva Comunidade Autónoma e, supletoriamente, pola lexislación dos funcionarios da Administración do Estado, téndose en conta as peculiaridades do réxime local”.

Artigo 176 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, que di textualmente:

“1.- O persoal funcionario de carreira ten dereito a un período de excedencia por coidado de familiares de duración non superior a tres anos, sen que sexa exixible o requisito de ter prestado un tempo mínimo de servizos previos, nos seguintes casos:

a) Para atender ao coidado de cada fillo, tanto cando o sexa por natureza como por adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo, contando dende a data de nacemento ou, de ser o caso, da efectividade da resolución xudicial administrativa.

b) Para atender ao coidado dun familiar que se atope ao seu cargo, ata o segundo grao inclusive de consanguinidade ou afinidade, cando, por razón de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade, non poida valerse por sí mesmo, e non desempeñe actividade retribuída.

2.- Pódese facer uso de forma fraccionada do período de excedencia regulado neste artigo.





3.- O período de excedencia será único por cada suxeito causante. Cando un novo suxeito causante desa orixe a unha nova excedencia, o inicio do período desta poñerá fin, de ser o caso, ao que se viñese gozando.

4.- No caso de que dúas persoas xeren o dereito á excedencia regulada neste artigo polo mesmo suxeito causante, a Administración poderá limitar o seu exercicio simultáneo por razón xustificadas relacionadas co funcionamento dos servizos.

5.- Durante o período de excedencia, o desempeño de actividades retribuídas está suxeito a autorización previa consonte ás regras establecidas na normativa sobre incompatibilidades.

6.- O tempo de permanencia na situación regulada neste artigo compútase para os efectos de trienios, carreira e dereitos no réxime da Seguridade Social que sexa aplicable, e reservarse o posto de traballo que se ocupe con carácter definitivo. Se se ocupara un posto de traballo con carácter provisional, a reserva manterase mentres o posto non se cubra polos procedementos previstos nesta lei.

7.- O persoal funcionario que se encontré na situación regulada neste artigo pode participar nos cursos de formación que convoque a Administración.

8.- O persoal funcionario interino ten dereito á excedencia regulada neste artigo, ben que a reserva do posto de traballo se manterá unicamente mentres non concorra ninguna das causas de cesamento previstas para esta clase de persoal nesta lei.

9.- No caso de disfrute de esta excedencia polo período máximo de duración, o reingreso ao servizo activo solicitarase cun prazo de antelación dun mes respecto da data de finalización do período máximo legalmente establecido para esta excedencia”.

Tendo en conta o sinalado, vistos os informes dos servizos, propono á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 9 de marzo de 2011 (publicado no BOP núm. 056 do 10 de marzo de 2011), acorde:

Declarar a D. Antonio Álvarez Cabana, en situación administrativa de excedencia por coidado dun familiar, dende o día 18 de maio de 2021, polo período inicial dun ano.

O tempo de permanencia nesta situación será computable a efectos de trienios, carreira e dereitos no Réxime de Seguridade Social que sexa de aplicación, reservándose o posto de traballo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **20.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

## **21.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.